

Número 11-12  
Nadal 2004  
3 euros

# Lib Redón

Boletín da Asociación Galega  
de Amigos do Camiño de Santiago



NO ANO SANTO NON TODO É INCENSO  
¡XA TEMOS ALBERGUE PROPIO!  
UNHA MOREA DE NOVAS PUBLICACIÓNS  
A AGACS PREMIO ELÍAS VALIÑA DEL CAMINO DE SANTIAGO

# DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

A g o s t o 2 0 0 4

ASOCIACIÓN GALEGA

libRedón, N° 111 - 12

DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN

- \*PRESIDENTE:  
Antón Pombo Rodríguez
- \*VICEPRESIDENTE (C. Francés):  
Constantino Chao Mata
- \*SECRETARIO:  
Mario Clavell Blanch
- \*TESOUREIRO:  
Enrique Fontenla Insua
- \*VOCAL1º (Santiago I):  
**Arantxa Imaz**
- \*VOCAL2º (Santiago II):  
Vacante
- \*VOCAL3º (C. Portugués I):  
José Antonio de la Riera
- \*VOCAL4º (C. Portugués II):  
Rafael Estanqueiro
- \*VOCAL5º (C. Ourense):  
Xosé Antón Quintás
- \*VOCAL6º (C. Inglés):  
Antonio Leira Piñeiro
- \*VOCAL7º (C. Fistera):  
Manolo Vilar Álvarez
- \*VOCAL8º (Madrid):  
Ramón Suárez Trigo
- \*VOCAL9º (Páxina web):  
Rosa Mª Sánchez Martínez  
(En negraña as novas incorporacións  
na Asamblea de Xaneiro)

O BOLETÍN


**Director:**  
Antón Pombo Rodríguez

**Redacción:**  
Jose Antonio de la Riera  
Mario Clavell Blanch  
Manuel Vilar Álvarez  
Constantino Chao Mata

**Corresponsais:**  
Ana Belén de los Toyos (Asturias)  
Isabel Micó Feliz (León)  
Carmen Pluguiese  
(Navarra-La Rioja)  
Laurie Dennett  
(Gran Bretaña)  
Meh Höpel (Alemania)  
Teresa Márquez (Argentina)  
Mario de Souza (Madrid)

**Colaboradores:**  
Pedro Viejo Menéndez  
Daniel Pniagua Díez  
Almudena Colorado Jerez

**Páxina web:** [www.amigosdelcamino.com](http://www.amigosdelcamino.com)



**Fotografía da portada:**  
1º Premio do Concurso de  
Fotografía 2004, por,  
Roberto Sánchez Millán

**Fotografías:**  
Manuel González Vicente  
Tino Chao  
Isabel Micó Feliz  
Teresa Márquez  
Antón Pombo Rodríguez

**Enderezo do Boletín:** Costa Nova de Abaixo, 17, 15705,  
Santiago de Compostela.

Depósito Legal: C-1.182/99

## S U M A R I O

### 3-4 EDITORIAL

### 5-6 ¡AH DEL CAMINO!

### 7-39 ASOCIACIÓN

7 Xornada Xacobeo en Compostela

8-9 Mesa redonda sobre a hospitalidade

9 Asambleas ordinaria e extraordinaria

10 VIII Peregrinación a Fistera e Muxia

10 Recuperación do camiño de peregrinación Lisboa-Porto

11-15 Premios do Concurso fotográfico 2003 e 2004

16-31 Premios do Concurso de Relato Curto 2003 e 2004

32 Novos folletos dos Camiños do Norte e Primitivo

33 Xestión do albergue de peregrinos "San Roque"

34 Exposición Fotográfica de Cassandre Stapfer

34 A posta en marcha e os hospitaleiros

35-36 Presencia da AGACS en foros xacobeos

37 A Tenda da Asociación

38-39 Actividades desenvolvidas dende a presidencia

### 40-43 OUTRAS ASOCIACIÓNS

### 44 NOVOS ALBERGUES

### 45-51 PUNTOS NEGROS NOS CAMIÑOS GALEGOS

### 52-55 COLABORACIÓN

52 Turismo e peregrinación. Entre la devoción y la aventura

53 El reloj y la torre

54-55 Francisco Patiño: el descubridor de la Ruta de la Lana como camino jacobeo

### 56-71 Á BEIRA DO CAMIÑO

56 Mi amigo Pedro

57-59 Por el Camino Portugués

60 Impresiones epistolares

61-62 De plata en plata, de luna en luna

63-66 El relato de Javier Luque con Antonio en su sillita

67-68 Cartas de Protesta

69 O Camiño de Sue Kenny

70 Diario (o así) de un peregrino perplejo

71 As confesións dun peregrino Sacerdote

### 72-74 GLOSA A NOTICIAS XACOBEAS

### 75-76 DESGLOSAS XACOBEAS

### 77-87 CRÍTICA BIBLIOGRÁFICA

### 88-89 DESTELOS DO ANO SANTO

### 90-92 DÚAS NOVAS FOR TAS

### 93 ALBERGUE SAN ROQUE

### 94 ÚLTIMA HORA

### 95 BO NADAL



# Annus horribilis

Antón Pombo Rodríguez  
Presidente da AGACS



Tira de Xaquín Marín publicada en La Voz de Galicia (7-I-2004)

Quen no-lo ía contar cando eramos cativos. Resulta que o tempo de xubileo converteuse en tempo de mudanza en forma de graves intervencións. Cada vez que a festa do apóstolo cae en domingo é cousa de poñerse a tremer. E non polas avalanchas de peregrinos de toda pelaxe e condición, e tampouco polo descarado uso político que se fai de tódolos actos vinculados co bonancible patrón pescador de homes, senón máis ben polos grandes investimentos previstos polas administracións. Os organismos públicos, adurmiñados durante o tempo ordinario, saltan como movidos por un resorte, pero sempre con retraso, cando se achega o ano fatídico. Daquela soan as alarmas e a vaca de Fisterra: ¡toca cemento, toca tixolo, toca arquitecto de sona facendo cubos para minorías, toca confusión e uso da peregrinaxe para satisfacer as demandas mil de alcaldes, hosteleros, deseñadores de moda, artistas xeniais ..., toca, isto sempre, obra pública que corta o Camiño en forma de autovía, AVE, parque empresarial, parque eólico, depósito de augas ou o que sexa.

En Orreaga/Roncesvalles, pois tampouco este ano se quixo satisfacer a Somport, S.A.R. o Príncipe de Asturias, na compañía dos presidentes das comunidades autónomas xacobeas, cortaban a cinta que abre a tempada de caza do peregrino para convertelo,

dunha vez por todas, en ciber-peregrino numérico e funcional. Á mesma hora, pero máis preto de Compostela, algúns romeiros temperáns, deses que aman a neve e fuxen das multitudes, se estaban a perder entre a maquinaria que cortou o Camiño, sen previsión de sinalizar un paso temporal, en Lavacolla.

¡Lavacolla, outra vez Lavacolla!, onde un rego porcallento pasa sen que ninguén lembre a lenda que o fixo famoso en medio mundo, e as infraestructuras do concello capitalino, a Xunta e o Estado ameazan con non deixar un palmo de senda sen urbanizar con beiravías, farolas, arboriñas, maceteiros, papeleiras e bancos. Segundo parece, un quilómetro máis de autovía ata o aeroporto internacional era algo imprescindible, unha demanda inadiable, un fardón para dar imaxe de país ós que chegan en avión. Había solucións para non afecta-lo Camiño, por exemplo un falso túnel, e todo quedaba como estaba. Pero nin sequera a poucos pasos do Monte do Gozo, ás portas de Santiago, era aceptable gastar un pouco máis para protexe-lo tan cacarexado *Primeiro Itinerario Cultural Europeo e Patrimonio da Humanidade*. Hai cartos para libros, exposicións, verbenas e dietas, sobre todo para dietas, pero non para protexe-la vía que dá sentido a todo isto. Xa que logo, o noso Camiño foi sometido ó enésimo menosprezo na área de Compostela, e forzado a discorres por un túnel de



formigón. Pero isto soamente é un anticipo das actuacións que nos agardan co AVE e mailas autovías Santiago-Lugo e Lugo-Ourense, que cortarán a ruta en varios puntos sensibiles sen que estea prevista ningunha medida especial para corrixi-lo impacto. ¡As obras de Lavacolla, en pleno tempo xubilar, se prolongaron ata o peche da Porta Santa! Esta falla de previsión, e ó xeito en que se toma a vía física como a última mona da baralla, é o que nos alporiza cando escoitamos tanto discurso institucional e palabrería vácuca en xuntanzas como as do Consello Jacobeo ou para recolle-lo premio da Concordia en Oviedo.

En certa ocasión consideramos que as administracións competentes da tarta xacobeas, cando lles petaba, estaban dispostas a dárllelo todo ós peregrinos pero sen os peregrinos, ou sexa, sen contar nin coas asociacións que defenden os seus intereses e os itinerarios nin cos propios protagonistas da ruta. Ó abeiro desta filosofía entran en xogo os intereses empresariais, pero tamén as ideas dos recién chegados a este teatriño. Un exemplo preclaro desta actitude témolo no andazo do voluntariado que este ano infectou tódalas comunidades autónomas. Hai que colocar, para quedar ben, milleiros de voluntarios no Camiño. ¿Qué facer con eles? Pois que se poñan a pasear para instruír ós peregrinos nos deberes cívicos e ofrecerlles información sobre onde está a farmacia, a parroquia, o wc e ata a guisquería. Se sobra a xente poñémola a descubrir basureiros, talas de arborado e construcións ilegais, suplindo así ós inspectores da administración. E os máis avezados ubicámoslos nos xaco-ciber, que van a proliferar con cartos públicos -arruinando de paso as iniciativas particulares-, para que axuden ós peregrinos a navegar e a evadirse de tantas fatigas. Por suposto, a estos centos de voluntarios haberá que aloxalos nalgún lugar, e ningún máis a propósito que os albergues, restando así prazas as hordas xacobeas. Os *Xacovol* (Galicia) e as *Estrellas del Camino* (Castela-León), pasaron sen pena nin gloria nun verán bastante máis valeiro do que se agardaba.

Se dos voluntarios pasamos ó propio Camiño físico, resulta desacougante que a estas alturas haxa graves problemas de sinalización en varios dos camiños

galegos, albergues que non abren porque o alcalde calculou mal os gastos o día do convenio (solucionado Bruma, permanece o problema en Monterrei), gravísimas infraccións urbanísticas que están a estragar certos lugares do teoricamente protexido e aloumiñado Camiño Francés, particulares que ocuparon legalmente a vía pola falla de coordinación entre departamentos da Xunta para protexela debidamente (de Padrón a Mazaricos pasando por Muxía), pontes derrubadas ou vados fluviais que frean o paso dos peregrinos e os obrigan a dar longos rodeos, vertedoiros arquicoñecidos -para descubrilos non son necesarios voluntarios- á beira de itinerario, feísmo a esgalla con connivencia que podería ser resolto con tellas e pintura, alcaldes que só entenden de grixa, asfalto, farolas e edificación libre, arborado autóctono rempazado por eucaliptos ó estilo de Brasil e Perú, publicacións nas que se minte descaradamente sobre o que agarda ós incautos e propaganda, moita propaganda, estimulando unha invasión, que diría don Elías, sen avalia-las consecuencias e a mala prensa que isto implica.


Instalados nunha rutineira sucesión dos ciclos xacobeos, seguimos sen aprende-la lección dos pasados anos santos nin facer unha planificación sensata e consensuada. Continuamos sen escoita-los peregrinos para satisfacer-los seus verdadeiros anxeos. Mesturamos a Britney Spears coa aperta do Apóstolo, e a Pavarotti coa frecha amarela. E deste xeito, o Xacobeo acaba dexenerando nunha cerimonia da confusión na que a Igrexa, máis preocupada por combater-la ondaxe da rosa, frea-lo lobby homosexual e por te-la catedral chea do que sexa antes que por elaborar unha moderna pastoral atractiva para os xacobitas, queda reducida a un papel cada vez máis decorativo. Causa desazo asistir a un espectáculo, que comezou en plena catedral con mamporros -un peregrino acabou detido e pasou a noite na cadea-, tan desconcertante e esperpéntico como o que estamos a aturar, con ou sen *Pelegrín*, en cada ano de perdoanza. Entre mentres, Compostela agoniza como meta e lugar de acollida. Cando se gasta tanto en luminarias e temas colaterais, non estaría de máis volta-la mirada ó berce: ¡os peregrinos, o Camiño!.



# ¡AH DEL CAMINO!

## Crónica en Román Paladino

José Antonio de la Riera



Duas peregrinas contemplando o solpor en Fisterra. Fotografía: A Pombo.

## El Rapto

Lo mantienen alejado de sus peregrinos. Oculto por los solemnes despendoles del botafumeiro (¡ plás, plás, plás!), entre las miradas de turistas, tras los cánticos distantes de los canónigos, entre ofrenda y ofrenda de los congresos de veterinarios, de los políticos de turno, de los cortesingleses y de las caixasgalicias, allí, sonriendo como siempre, está Santiago. Lo que pasa es que su sonrisa, bondadosa y aldeana, va dirigida a sus peregrinos. Y a éstos, los mantienen lo más lejos posible del Apóstol, la fiesta no va con ellos, no es para ellos. Santiago raptado, Santiago solapado, Santiago oculto, cada vez menos Santiago de los peregrinos. Han raptado a Santiago.

Y, lo peor, es que el rumor del rapto de Santiago ha descendido desde Roncesvalles, corre por los albergues del Camino, ha trepado Irago arriba, repica en las campanas de O Cebreiro y atruena ya en el Obradoiro: ¡ Han raptado a Santiago ¡

¿Y quién, quiénes, ha cometido tal felonía? ¿Quién, quiénes, han caído en tamaña torpeza, esa enorme indignidad? Y, además, ¿por qué, para qué?

¿Román Paladino? Pues vamos.

1) Los responsables de la catedral de Santiago,

Oficina del Peregrino a la cabeza. Jamás se enteraron de lo que es, de lo que representa el Camino de Santiago y, muy particularmente, el gozoso renacimiento de las peregrinaciones jacobeanas, que para nada se debe a ellos. Todo se les ha ido en arquear las cejas, hacerse cruces, dispensar a los peregrinos una acogida glacial, burocrática, inquisidora, sin alma, cerrar finisterraes, poner puertas al campo y blandir estadísticas impresentables donde se dice que un enorme porcentaje de los peregrinos recorren el Camino por motivos religiosos en sentido estricto (ni siquiera espirituales en sentido amplio) Cada vez que hacen públicas tales estadísticas una enorme carcajada rueda Prineos abajo. Jamás se han pasado por un albergue, jamás se han tomado el menor interés en saber que piensa, que siente, esa inmensa masa, lo mejor de la juventud de Europa, que se ha puesto de nuevo en marcha hacia Compostela. Y se está dando ya el caso, cada vez más, de que muchos de los peregrinos ya ni siquiera pasan por una catedral que sienten hostil, ajena a ellos, que ni siquiera se acercan ya a la Oficina del Peregrino. ¿Todo por arrimar el ascua a sardinas absolutamente podridas? Con toda seguridad sí, no han entendido nada, no han querido saber



nada. Una estúpida, cerril, pleistocénica, exclusivista y exclusiva visión de la peregrinación les ha llevado a pensar que todo lo relacionado con el Camino y los peregrinos es “suyo”. Y, naturalmente, Santiago también. Y los peregrinos empiezan a “pasar”. Para ellos basta con dar culto al “espíritu” de Santiago, ése espíritu que les ha dado, muchas veces a través de cientos y cientos de kilómetros, lo mejor del Camino: espiritualidad, abnegación, compañerismo, solidaridad y libertad.

Exactamente lo que no encuentran en Compostela.

Pero es que además, la cultura del “rpto”, cuando no de la descarada apropiación indebida, se practica con todo descaro, muchas veces ante la pasividad, incompetencia, sometimiento y claudicación de las asociaciones jacobeanas. Por ejemplo, la credencial. Sabido es que la credencial nació en el I Congreso Internacional de Asociaciones Jacobeanas (Jaca, 1987), propiciada por las asociaciones jacobeanas. La antigua Coordinadora de Asociaciones y luego la Federación se encargaban de emitirla. Ante la estupefacción general, la Oficina del Peregrino se apropió de ella y se arrogó la exclusiva (copiándola en su diseño y formato) ante la permisividad de las asociaciones. Que a nadie se le ocurra emitir una credencial, ni siquiera a una asociación jacobea, le darán con ella en la cresta. Ese espíritu exclusivista y exclusivo es el que les ha llevado a la cerrazón y la inquina contra la Prolongación Jacobea a Fisterra y Muxía, y en general contra todo lo que signifique “rozar” su idea de lo que es la peregrinación. No obstante, la tarea de ponerle puertas al campo es ardua, pero en ella siguen. El día en que esa absurda situación cambie todas las campanas del Camino repicarán a gloria.

2) Instituciones Públicas. han entrado en el Camino como elefante en cacharrería. ¿Turismo y peregrinación?, ¿“vender” el Camino? Nadie en su sano juicio está en contra del turismo, particularmente en regiones como Galicia o Castilla y León. Pero la política de promoción, la churras y las merinas pastando en la misma hierba, ha dado frutos amargos. El mensaje machacón, de ascensor de hipermercado, indiscriminado, hortera, espeso y municipal como pocos, la información sesgada (cuando no absoluta desinformación sobre el Camino y las peregrinaciones) han dado lugar a situaciones aberrantes. Particularmente, en Galicia y en el Camino Francés, la frustración, las carreras hacia los albergues, las expectativas no cumplidas, la masificación y, en muchos casos, el atraco a mano armada que sufre mucha gente, procede precisamente de esa propaganda indiscriminada, del ¡ todos al Camino que son vacaciones y es gratis!

Camino de moda, Camino parque temático, Camino utilizado como un “kleenex”, Camino de usar y tirar. No, gracias. Y por otra parte, mis buenos señores de la Administración: ¿cómo se “administra” la magia?, ¿en que negociado despachan leyendas?, ¿qué sello o tampón le ponen ustedes al milagro?, y, por todos los dioses: ¿qué subsecretario le despacha la pensión al pobre viejo Don Gaiferos de Mormaltán?

Reiteradamente venimos anunciando que la gallina sólo puso un huevo de oro y que avisan de Santo Domingo de la Calzada que apenas les quedan ya gallos en el corral.

3) Asociaciones Jacobeanas. Las asociaciones, impulsadas por Eías Valiña, han sido el alma, el gran motor que ha movido el renacimiento de las peregrinaciones jacobeanas en el último cuarto del siglo XX. Gente altruista, trabajando a destajo, investigando, señalizando, resucitando el concepto de hospitalidad, practicándolo. Día a día, año tras año, han sido el alma del Camino. Pero ¿en qué ha parado todo?, ¿hasta que punto son, somos, necesarios? ¿qué grado de culpa tenemos en la actual situación “xacobea”? Superados muchos por la entrada institucional en los Caminos, por las “apropiaciones indebidas” ante la pasividad de quienes deben defender un patrimonio que es de todos (Federación de Asociaciones), amarrados otros al pesebre de las subvenciones, encerrados los de más allá en la torre de marfil de los concursos fotográficos, practicando localismos absurdos (“solo existe el caminito que pasa por el campanario de mi pueblo y a los demás sarna, no es mi problema”), desilusionados y/o cansados los que siempre estuvieron en primera línea, la situación es la que es. O se vuelve a la independencia, a hacer del Camino una bandera que no se arría, a no plegarse a nada que no sea procurar la pervivencia de los trazados y del viejo espíritu jacobeo o aquí sobramos todos. ¿Román Paladino? Pues sí, blanco y en botella.

Santiago raptado, Santiago ocultado, Santiago solapado, ¿Santiago de los peregrinos? Tal vez la respuesta nos la otorgue el extraordinario relato de un peregrino cordobés, Javier Luque, que publicamos en este mismo número de Libredón. En él nos dice que queda esperanza. Y nos regala una gran lección.

**MÁS CAMINO,  
MÁS SANTIAGO,  
MENOS COMPOSTELA**



# Xornadas Xacobeas en Compostela

Redacción



Os participantes da xornada nas cubertas da catedral

partes da catedral que normalmente non se mostran ao público, como andar pola tribuna que vai sobre as naves laterais, e rematamos saíndo ao exterior para dar un paseo polas cubertas de lousa e gozar, nun magnífico día, dese marco incomparable sobre a cidade de Santiago.

Despois fomos todos, e aínda eramos uns cuantos, repoñer forzas para a tarde e en confraternidade á Casa Manolo.

Pola tarde Miguel Taín Guzmán e Belén Castro Fernández, ambos profesores de arte na USC, impartiron sendas conferencias sobre diferentes aspectos da arte compostelana. O primeiro falou sobre o barroco en Compostela e Belén Castro sobre a política de Pons Sorolla que levou á conversión do Hospital Real a Parador de Turismo e dá lugar a un novo tipo de peregrino: o peregrino de parador.

Rematamos as Xornadas presentando o número 10 da nosa revista Libredón e os folletos sobre o Camiño do Norte e sobre o Camiño Primitivo.

**O 27 de setembro** de 2003 a AGACS celebrou por vez primeira en Compostela as súas IV Xornadas Xacobeas. Na Galería Sargadelos demos lectura dos fallos dos premios literario e fotográfico dese ano. Despois Luís Correa, do grupo Os Carunhcós, amenizou un pouco a mañán coa súa zanfona e gaita antes de ir visitar o Museo de Arte Sacra de San Paio de Antealtares. Rematamos a mañán coñecendo esas



Actuación de Luis Correa na sala da galería Sargadelos



Actuación de Luis Correa na sala da galería Sargadelos



# Mesa Redonda sobre a Hospitalidade

## Redacción



Participantes nas xornadas, de esquerda a dereita Mario Clavell, Moncho Trigo, Begoña Valdomar e Manuel Mariño.

## PEREGRINOS, ALBERGUES E HOSPITALEIROS

Con ese título tivo lugar, xa hai uns meses (25 de setembro de 2003) unha Mesa Redonda na Fundación Sargadelos de Santiago. Estaba convocada por unha entidade local -GEA, Grupo de Estudos de Actualidade- e a nosa Asociación organizouna. Os participantes foron tres hospitaleiros relevantes, cadaún co seu perfil propio. Moncho Trigo traballa para a Red de Albergues del Camino Francés; Begoña Valdomar é a hospitaleira do Albergue de Fisterra; e Manuel Mariño leva o Albergue do Monte do Gozo. Representaban tres modalidades de albergue: privado, público (titularidade Xunta de Galicia) e concesión (Monte do Gozo). Mario Clavell, secretario da AGACS, fixo de moderador.

Os peregrinos atopamos ós hospitaleiros ailladamente, un a un, en cada refuxio. escoitar a tres deles, pertencentes a ámbitos tan marcados, foi unha novidade e unha sorpresa gratificante para os asistentes. Recollemos algunhas das afirmacións verquidas na sesión.

“A historia da hospitalidade xacobea comezou cun explícito sentido de acollida de signo relixioso. Con risco de que se dilúa na nosa época, Elías Valiña tiña claro que había que mante-lo toque relixioso na hospitalidade contemporánea”. “Comencei por necesidade. Descubrí que a tarefa do hospitaleiro require entrega e, polo tanto, supón un certo carácter vocacional”. “Nos albergues da Xunta de Galicia buscouse xente cercana físicamente ó Camiño. Adoitan seren persoas do pueblo. Limpan pola mañá e pola tarde... ‘pelexan’ cos peregrinos. Traballan arreo”. “Non todo o que leva unha vieira na mochila é peregrino; existe un tipo crecente: o peregrino maleducado. Pero non abunda: de cincocentas persoas que poden pasar ao mes por un refuxio de trinta prazas, atópaste con cinco maleducados”. “Ó ser albergue institucional, en Galicia, algúns peregrinos cren tratar con funcionarios. A veces me teñen pedido o libro de reclamacións. Esquecen que é gratuito e que traballa xente abnegada”. “Hai un perigo constante: o da masificación. Ter que meter douscentos peregrinos nun albergue con aforo para cen, é un risco para a seguridade”. “Hai lexitimas variedades en canto ó prezo ou a gratuidade: relativa nos albergues da Xunta, nos que a estancia é gratuita pero se pide unha contribución; os privados, que teñen tarifa; o da Igrexa, en Belvís, que pide cinco euros, o mesmo que moitos dos privados, ou tamén en Roncesvalles”.

Protagonistas e espectadores trataron doutros aspectos como os matices dentro das motivacións dos peregrinos, máis ou menos explícitamente espirituais. Varios asistentes suliñaron a gratificación que supón para os peregrinos o trato cos hospitaleiros.

O encontro resultou enriquecedor por demais. Pasados uns días, un dos participantes na Mesa Redonda, Moncho Trigo, enviou un escrito coas consideracións que el fai a prol do tema. As reproducimos aparte.

## AS CONSIDERACIÓNS DUN HOSPITALERO

*Moncho Trigo, veterano hospitaleiro vencellado a Red de Albergues privados del Camino Francés, participou na Mesa redonda da Fundación Sargadelos en setembro do ano pasado. A sesión inspiroulle unhas reflexións que recollemos a continuación, recollidas en castelán, a lingua que Moncho empregou.*

El Camino, dentro de un marco católico, alienta una espiritualidad abierta a otros credos y motivaciones variadas. Abierto a todas las imaginables, los orígenes de la Ruta se construyeron sobre la espiritualidad y la devoción. Conviene no perder eso de vista.

La hospitalidad ha sido y continúa siendo una de las vertebraciones de los caminos jacobeos y una de los elementos diferenciadores respecto de otras rutas de largo recorrido.

El Camino debe ser el escenario en el que confluyan apaciblemente la reflexión, el esfuerzo, la austeridad, el sufrimiento y la soledad; ámbito en el que se disfruta intensamente de las pequeñas cosas y momentos dulces que, en otro entorno, no tendrían valor alguno; la experiencia de que las contrariedades, llevadas con buen ánimo, se transforman en positivas y gozosas.

Debe primar la austeridad en el Camino en un ambiente que tiene bastante de ‘retiro’ de hábitos y rutinas de la vida cotidiana. Un error creciente consiste en trasladar estos al Camino.





#### CUATRO FILARES EN EL CAMINO

Que ayudan a comprender la diferencia del Camino de Santiago respecto del senderismo:

Asistir a la **trascendencia personal** que este viaje favorece.

Experimentar la **solidaridad** y la posibilidad de **compartir** idénticas experiencias con otros peregrinos, más allá de nacionalidades, idiomas e idiosincrasias. En el Camino se verifica el hecho de que para que las personas se entiendan únicamente es necesaria buena voluntad o la conciencia de que ese entendimiento es necesario.

Comprobar la **hospitalidad** de los pueblos y gentes de la vera del Camino; de ella son abanderados los hospitaleros voluntarios. Ellos ofrecen atención, lugar de descanso y la atención para que queden cubiertas sus necesidades básicas.

La **gratuidad** de la acogida, compatible con el donativo voluntario que el peregrino hace. Esto permite que otros peregrinos más necesitados puedan ser atendidos sin tener que forzar la 'buena voluntad' de quienes los acogen: los menos necesitados ayudan al mantenimiento de la hospitalidad.

#### ALGO MÁS ACERCA DE LA HOSPITALIDAD

La hospitalidad más auténtica debe ser gratuita pero es deseable que cada peregrino colabore con un donativo en la medida de su disponibilidad. Las formas de hospitalidad y gratuidad no son las mismas en el siglo XXI que en la Edad Media: los medios económicos de los peregrinos contemporáneos son inmensamente mayores. Las necesidades, por su parte, son en puridad las mismas, aunque, sí, con mayor atención ahora a la higiene personal y calidad de los espacios: un lugar donde pasar la noche, una ducha, un servicio y la posibilidad de lavar la ropa.

A lo dicho se añade la consideración de los albergues y refugios como un centro, obligado y deseado, para el encuentro con otros peregrinos y espacio de ocio. La sobrevaloración de esa dimensión de ocio ha conducido últimamente a las quejas por el hecho de que en los albergues haya un horario, escasez de plazas y la exigencia de unos pretendidos derechos, ajenos a la tradición y al carácter de los albergues.

La masificación en los caminos jacobeos no afecta al Camino en puridad pero dificulta el trato personal entre peregrinos y entre el hospitalero y los caminantes.

La trivialización del Camino atrae a caminantes poco preparados y mal informados; en ocasiones, a gentes mal educadas. Una concha al cuello y una credencial no hacen de quien las lleva sin más una 'buena persona'. Como en otros ámbitos.

La acogida masiva en los albergues implica atender y aglutinar gentes muy diversas en edad, cultura, nación, desconocidas entre ellas. Estas personas deben aceptar

que van a compartir un espacio no grande con tan variadas personas en función del descanso como primer objetivo.

Son necesarias unas normas básicas, procedentes del sentido común, para que intereses personales, la falta de consideración y los abusos de unos pocos no alteren la convivencia ni las costumbres de la hospitalidad. La perspectiva de los hospitaleros temporales -para algunos días-, lo mismo que su experiencia difiere de la de los permanentes; conviene que no innoven frívolamente usos y horarios.

Una observación reciente: el uso de telefonía móvil e internet sobrepasa a veces en los albergues el estilo de sobriedad del Camino y el sentido común; embarulla la convivencia y sobrepasa un uso moderado. El abuso de esas herramientas lesiona aspectos importantes en la peregrinación, como son el sentido del tiempo, la espiritualidad, el recogimiento y reflexión. Desvirtúan el sentido de la peregrinación e introducen frivolidad a la ruta milenaria.

#### Y DOS TEMAS PENDIENTES

Es el de la seguridad en los albergues. El hacinamiento, el exceso de personas acogidas más allá del aforo del albergue supone un riesgo potencial al que hay que atender.

Y por desgracia y con mayor frecuencia año tras años, se asiste a la denuncia de robos y delitos sexuales.

## Asembleas Ordinaria e Extraordinaria

Redacción

En cumprimento do que prescribe o artigo 19 dos nosos estatutos, a AGACS celebrou a súa Asemblea Xeral Ordinaria, correspondente ao ano 2003, o sábado 17 de xaneiro. A xuntanza tivo lugar en Santiago de Compostela e na cafetería do Auditorio de Galicia. Como xa vén sendo norma a asistencia de socios non foi moi numerosa, todo o contrario, foi moi escasa. Unha lástima.

Os temas a tratar foron, entre outros, a aprobación das contas, o informe de actividades realizadas e a realizar. Neste punto fíxose fincapé na necesidade de saír máis ao camiño e acordouse realizar unha marcha polo Camiño Primitivo desde Grandas de Salime ata Compostela. Tamén se falou dunha marcha en setembro e desde Lisboa, xunto cos portugueses e brasileiros.

Ao rematar a Asemblea Ordinaria tivo lugar unha Extraordinaria para cubrir dúas vacantes na Xunta Directiva, máis só se cubríu unha vocalía, que recaíu na socia Arantxa Imaz e que reside en Santiago.



# VIII Peregrinación a Fisterra e Muxía

Manuel Vilar

Este ano, recuperando o formato orixinario (coa cuarta etapa entre O Rostro e Muxía), tivo lugar a VIII Peregrinación de Santiago a Fisterra e Muxía convocada polas asociacións Galega de Amigos do Camiño e Neria. Como representantes da AGACS acudiron Juanjo, de Vitoria, e Enrique, o noso tesoureiro. A participación este ano superou con creces a tódalas edicións anteriores (máis de 300 inscritos), pero tamén se fixo notar, malia cargar a organización con tódolos custes e os concellos ofreceren varios agasallos ós peregrinos, que o nivel de esixencia vai medrando ano tras ano, como se fora unha obriga ofrecer unha serie de servizos de calidade a cambio de nada. En tal sentido, tanto Neria como a AGACS se están a plantexa-la viabilidade, segundo o modelo actual, desta convocatoria. Entre as notas negativas deste ano cómpre subliñalo corte da subida ó Monte Aro, fermoso belvedere sobre a Terra de Xallas, por parte dun particular que esgrime dereitos de propiedade conculcando os de paso (o asunto foi trasladado ó Xulgado). Por outra parte, e xa van anos de promesas incumpridas, seguen sen paso estable o río de Logoso (ponte derrubada en Vaoderripas) e mailo Vaosilveiro. Unha semana despois, a modo de contra-peregrinación, mil xoves cristiáns de Madrid comezaron a súa andaina cara Compostela, en grupo cantareiro e pola estrada, en Muxía e Fisterra. Pero non por máis cantar se vai conculca-la tradición e a historia. De feito, no noso albergue de Corcubión tanto atendemos ós que van a Fisterra coma ós que se dirixen a Santiago. Isto é caridade e comprensión, como di a canción, e non sectarismo.



# Recuperación do Camiño de peregrinación Lisboa-Porto

Redacción

Os nosos entusiastas e traballadores colegas da **Associação dos Amigos do Caminho de Santiago-Norte de Portugal** presentaron este verán á Xerencia de Promoción do Camiño, con J.A. de la Riera como mestre de cerimonias, o resultado das súas investigacións para recupera-lo CAMINHO PORTUGUÉS DE SANTIAGO (Itinerario Central) entre Lisboa e Porto. A tal fin, e tomando como base o itinerario seguido por Giovanni Battista Confalonieri, considerado un dos clásicos desta ruta, Alex Rato e os seus colaboradores realizaron ó longo de máis dun ano un estudio polo miúdo do terreo para atoparen, na medida do posible, os camiños antigos (medievais ou modernos) polos que pasou este embaixador da corte pontificia. Adaptándose ás modificacións das infraestructuras, conseguiron definir un primeiro Camiño que, por máis que poida ser obxecto de críticas ou melloras no futuro (do mesmo xeito actuara Elías Valiña co Camiño Francés), no vindeiro ano vai ser totalmente sinalizado con frechas amarelas para que os peregrinos poidan percorrelo sen risco de perda.

Alex Rato, que é unha persoa apaixonada polo Camiño e desinteresada como poucas, incluíu na memoria e cartografía do itinerario ás asociacións **de Valença dos Amigos do Caminho de Santiago** e á nosa asociación. Era a súa vontade recoñece-lo noso apoio, e tamén a iniciativa de se los primeiro en recupera-lo Camiño Portugués entre Ponte de Lima e Compostela, labor loco continuado pola **Associação dos Amigos do Caminho Português de Santiago**, con sede en Ponte de Lima, entre Porto e Ponte de Lima.

Con saída do antigo Terreiro do Paço lisboeta (actual Praça do Comércio), o itinerario abandona a cidade polo Parque das Nações (recinto da Expo'98) e baixo a ponte Vasco da Gama. Ascendendo á beira do Tejo pasa por Sacavém, Alverca do Ribatejo, Alhandra, Vila Franca de Xira, Azambuja, Santarem (capital do Ribatejo e cidade do gótico), Vale de Figueira, Azinhaga, Golegã e Vila Nova da Barquinha. A partir desta localidade diríxese ó norte por Asseiceira e Tomar, cidade monumental co seu mosteiro templario declarado Patrimonio da Humanidade. Percorre pouco despois os pequenos núcleos de Casais, Soidanda, Calvins, Ceras, Portela de Vila Verde, Cortiça e Vila Nova, polas que se desemboca en Alvaiázere e Ansião. O roteiro pola Beira Litoral continúa por Rabaçal (vila romana con museo), Zambujal, Condeixa-a-Velha (coa cidade tamén romana de *Conimbriga*), Cernache, Cruz de Morouços e Coimbra. Por un sector xa máis urbanizado prosegue desde o Mondego ata Porto a través de Trouxemil, Mealhada, Anadia, Avelas de Caminho, Aguada de Baixo, Borralha, Águeda, Albergaria-a-Velha, Albergaria-a-Nova, Pinheiro da Bemposta, Oliveira de Azeméis, São João da Madeira, Lourosa, Grijó (gran mosteiro) e Vila Nova de Gaia, desde donde pola ponte de D. Luís I se cruza o Douro para acceder a Porto.

O valor desta iniciativa é inmensa, pois con ela o Camiño Portugués deixará de ser unha vía de curto percorrido, limitada ó tramo Porto-Compostela, para converterse nun itinerario longo equiparable ós camiños Francés, do Norte ou da Prata. Noraboa para Alex Rato e conta connosco para apoia-lo proxecto e sinaliza-los camiños.



# Concurso de Fotografía 2003

Mario Clavell

Texto íntegro extraído de GALICIAHOXE, domingo 12 de Outubro de 2003

*O mundo Xacobeo é moi denso. Rico en sensacións, experiencias, arquitectura, paisaxes e sobre todo en imaxes. Sabedora disto, a Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago organizou este ano a cuarta edición dun concurso que fixo público o seu dictame esta semana. Con 48 participantes e 102 fotografías recibidas, o xurado tívoo difícil para escoller os mellores traballos.*

Unha paixón, un arrebatado e unha estrela en cada encrucillada. Así define a Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (Agacs) a ruta que trae a Compostela a millóns de peregrinos que todos os anos camiñan e camiñan durante días para chegar ó lugar onde están os restos do Apóstolo.

Unha ruta-en reslidade son varias segundo a procedencia do camiñante-, que marca ás persoas que se aventuran a percorrela. “O mundo Xacobeo é moi rico en significación e imaxes. Hai un espazo moi aberto, no que se poden reflectir as diferentes horas do día e outros aspectos, converténdose nunha festa para calquera retratista” explicáballe a este periódico Mario Clavell, secretario de Agacs. Por iso, decidiron hai catro anos poñer en marcha un concurso fotográfico. Certame que ó principio ía dirixido máis a reflectir a figura do peregrino, pero que agora engloba toda a temática xacobeá.

O concurso, que está organizado por Agacs, RL CORREO GALLEGO e GALICIA HOXE, coa colaboración da Federación Española de Asociacións Xacobeas e da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago (Consellería de Cultura da Xunta de Galicia), designou os ganadores da súa última edición esta semana que remata e o resultado salta á vista se se observan as imaxes. Gran calidade e beleza en todas elas é o que predomina.

En total, segundo Clavell, foron recibidas ata o 10 de setembro pasado 102 fotografías pertencentes a 48 participantes diferentes -cada persoa podía enviar como máximo tres imaxes-. Deste material as tres cuartas partes pertencían a peregrinos españois, mentres que o cuarto restante foi realizado por europeos e incluso algún americano.

“E un concurso de fotografía universal: de paisaxe de montaña, de mar, de secaño, rega... e tamén de arquitectura, con catedrais, igrejas, cruceiros, rúas... de primeiros planos, de gran espazo...”, matizaba o secretario da Asociación.

O xurado, formado por Mario Clavell, Manolo González Vicente, Manolo Blanco e Fernando Blanco -estes dous últimos grandes entendidos en fotografía pertencentes ó cadro de profesionais del EL CORREO GALLEGO e GALICIA HOXE- tívoo realmente difícil para escolleros tres premios e tres accésits que se otorgaron.

## Descrición dos traballos gañadores e características

“Foron tres premios que gañaron por calidade propia”, asegura Mario Clavell.

O primeiro premio, concedido a Cristóbal Carlos Burgos Murillo, de Amurrio (Álava), por *Catedral de Santiago* é unha vista tónica da catedral compostelá sacada desde á Alameda da capital galega pero mesturada coa imaxe dun peregrino. O autor desta imaxe foi galardoado con 300 euros.

O segundo premio é “un retardo doa que hai na vida”, segundo Clavell, con moita forza. Foi para Jacobo Remuñán López, de Brión (A Coruña), e titúlase *A fin do Camiño*. Recibiu 150 euros.

O terceiro galardón recaeu en María del Carmen Domínguez López, de Logroño, pola súa fotografía *Compañerismo*. Amosa esa unión entre peregrinos que experimentan os que realizan o Camiño. “É tecnicamente moi boa e con complicación”, sentenciou Clavell. Como agasallo recibiu 120 euros a autora.

E xa pasando ós accésits, o primeiro foi para Rafael Gozález Moro, de Palma de Mallorca, por *Acción de Gracias*. Unha fotografía importante porque reflicte a prolongación do Camiño ata Fisterra. O peregrino está axeonllado no mar da praia da Langosteira e é “unha fotografía moi elegante”.

O segundo accésit foi para unha imaxe que conseguiu un bo xogo de luces. *Fin de Camino*, de Santiago Alvite Fidalgo, de Santiago de Compostela. Na fotografía únense dou flashes, o da cámara que saca a propia foto e o doutra que enfoca xusto en fronte do retratista. Unha mirada diferente para un clásico botafumeiro.

E xa, por último, o terceiro accésit recibíuno Jacques Janvier, de Moulssane (Francia), por *Mon Ombre, vers Samos*. Un xogo con sombra e figura moi interesante e que dá proba, pola nacionalidade do autor, do carácter internacional que acadou ano a ano o concurso.

En definitiva, un mar de fotografías para un certame que cade vez se fai máis veterano e prestixioso e que xa conseguiu converterse en todo un clásico no outono compostelán.

## AGACS LEVA CASE ONCE ANOS APOSTANDO POR UN CAMIÑO ABERTO A TODA PERSOA

A posibilidade de que hoxe poidamos ver todas estas fotografías débese á xa mencionada antes Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (Agacs). Unha agrupación que en decembro pasado cumpriu a súa primeira década de funcionamento e que é unha máis das arredor de cincuenta deste tipo que existen en España e das máis de setenta que hai fundadas en todo o mundo.

Agacs leva casi once anos promocionando a peregrinación no sentido tradicional e espiritual. Informa ós peregrinos e realizou un importante labor de identificación, recuperación e sinalización do Camiño Portugués a Santiago, do Camiño Meridional ou prolongación da Vía da Prata en Galicia, do Camiño Inglés por Ferrol e Neda e da prolongación xacobeá a Fisterra e Muxía.

Como novidade e últimos traballos, Mario Clavell sinala que Agacs participou na instalación dun refuxio en Cee, e como tarefa para destacar, o boletín *Libredón*, “unha grossa revista pioneira no mundo xacobeo que conta con variadas colaboracións e artigos de investigación histórica, relatos en primeira persoa de camiñantes, testemuños propios...”.

Unha asociación galega, en definitiva, que “aposta por un Camiño aberto a todos, a todos os peregrinos que, de boa vontade, se achegan paso a paso ata unha tumba nos confíns da terra”, dicta na presentación a web de Agacs ([www.amigosdelcamino.com](http://www.amigosdelcamino.com)).



# Concurso de Fotografía 2003

Ritmo e Contrastes

Mario Clavell

Aumento da calidade media en cento dez fotografías de corenta e seis fotógrafos

A edición de 2003 do noso Concurso fotográfico marca a consolidación do Premio. Cento dez fotografías presentadas esixiron unha detida atención dos membros do xurado. Houbo tres premios e tres accésits, variados en contido, tratamento e procedencia dos autores

## Fotos Premiadas

### Os Premios

**O primeiro premio** foi para Cristóbal Burgos, un zamorano residente en Amurrio (Álava). A foto premiada produce un efecto engaiolante entre a silueta negra duna peregrina e tres chopos da Alameda, en contraste moi colorista co decorado do fondo, constituído polo compacto conxunto do Obradoiro e restantes torres da Catedral, a galería alta do Museo e a parte traseira de Raxoi. A superposición dos dous planos –dinámico, animado o primeiro; estático e pesante o segundo– provoca que o resultado emocional supere aos dous planos que, cadaún de seu, non aportan novidade fotográfica.

**O segundo premio**, do que é autor Jacobo Remuñán, fotógrafo profesional en Compostela- presenta unha foto de gran forza emotiva cunha instantánea tomada 'no momento preciso'. O tema da foto é sinxelo: un peregrino ven de chegar ao Obradoiro e fita cos ollos en alto a enorme fachada. Fraque, fráxil e tenso, as mans abrazadas ao bordón. Pelo e roupa mollados e enguedellados dan un toque verista, que contrasta coa parella que, vestida de paseo, mira de esguello ao peregrino de rostro acezante. A parella mira ao recién chegado, éste mira para arriba e a súa mirada condúcenos tamén a nós, a un punto, intuído máis que entrevisto, fora da foto e elevado,



2º Premio, "Ir indo". Autor: Jacobo Remuñán (Santiago)



1º Premio, "Catedral de Santiago". Autor: Cristobal Burgos (Amurrio, Álava)

¡suseia!, ¡sempre arriba!, moi enerxético. O branco e negro do positivo engade emoción ao motivo.

**O ter ceiro premio** foi para María del Carmen Domínguez, unha rioxana que, nun domingo de lecer na beira do encoro das Grajeras, perto da saída de Logroño, retratou dúas peregrinas de corpo enteiro, grandes mochilas nas costas e cun dinamismo nos xestos que as fan especialmente 'camineiras': paso curto e constante, bastós de novo deseño en cada man. Un encuadre perfecto, coa luz asisadamente distribuída entre as zonas de luz e sombra.



3º Premio, "Compañerismo". Autora: Mª del Carmen Domínguez (Logroño)



## Accésits

### Tres accésits

Entre tanto orixinal como se presentou ao Concurso, tamén os accésits teñen o seu 'aque!'. O mallorquín Rafael González Moro tomou, para o seu 'Acción de gracias' un asunto menos frecuentado ata agora: un peregrino metido de xeonllos na auga do mar de Fisterra na praia de Langosteira (Cée), cara a ao fin do mundo. Coas botas nunha man e o bordón na outra expresa, dun xeito expresivo e algo teatral, a emoción do final definitivo da peregrinación. Un peregrino no mar de Fisterra é engaiolante: mar grande, peregrino pequeno, nunha instantánea preparada e con bo efecto simbólico.

O segundo accésit foi de novo para un fotógrafo local, Santiago Alvite, quen, co seu 'Fin del Camino' deu unha conseguidísima 'volta de torca' ao repetidísimo tema do botafumeiro en acción. O puntazo de Alvite reside no xogo de luces e sombra; dous focos: a luz que entra por Platerías, algo esvaída, e o flash dun fotógrafo invisible de fronte á cámara de Alvite. Ambalasdúas reflicten no incensario. Os tiraboleiros entrevistados, o botafumeiro de protagonista e ¡dic!, o instante axeitado para unha foto afortunada.

O gañador do terceiro accésit é coñecido na casa: o francés Jacques Janvier, de Moulssanne. A súa foto, 'Mon ombre, vers Samos' ('A miña sombra, no camiño de Samos'), é un peculiar autorretrato, como o que tantos peregrinos pensamos facer ao longo de tantas horas precedidos -pola mañán- ou seguidos -polo serán, no final de etapa- pola nosa sombra pegada aos nosos pés. Son moitas horas de observa-la, longa ou curta, e de dialogar con ela. Jacques Janvier ('Xaime Xaneiro' en galego...) levou o segundo premio na convocatoria do ano pasado.

O xurado disfrutou vendo ducias de fotos interesante na tarde do día once de outubro de 2003. Estivo formado pro Manolo Blanco, director gráfico de EL CORREO GALLEGO, Xavier Cea, director Comercial do mesmo, e Mario Clavell, secretario da nosa Asociación. Foron tidas en conta as apreciacións de fotógrafos do periódico.



1º Accésit, "Acción de gracias". Autor:Rafael González Moro (Palma de Mallorca)



2º Accésit, "Fin del Camino". Autor:Santiago Alvite (Santiago de Compostela)



3º Accésit, "Non ombre". Autor: Jacques Janvier (Moulssanne, Francia)



## Concurso de Fotografía 2004

Mario Clavell

*Reunido o Xurado en Santiago de Compostela, o 22 de setembro de 2004, fallou o Concurso Fotográfico, convocado pola AGACS e máis EL CORREO GALLEGO/GALICIA FOXE no presente ano santo, do seguinte modo: 1º Premio para Roberto Sánchez Millán (Alicante), 2º Premio para María Clinete Sampaio Lacativa (Rio de Janeiro), 3º Premio para Pedro Miguel Hernández Hernández, e tres accesits para Sifrido Guijarro Villegas (Valladolid), Alfredo José Luis Miguel Romero (Valladolid) e Narciso Domínguez Manzanares (Barcelona)*

## Unha Pequena Historia das fotos Premiadas

*Son fotos tan diferentes entre elas -polo asunto, enfoque- como engaiolantes cadansúa. Velai o que conta cada autor.*



1º Premio. Autor: Roberto Sánchez Millán (Alicante)

Adiantou cara ao Pño, cambiou o sentido da marcha do coche para poñelo cara aos peregrinos; apartou nun lateral. Acercábase un peregrino solitario, bo tema pero, ¡mal raio!, deixou de chover. Roberto actuou coa decisión do reporteiro gráfico afeito a capta-lo fugaz; colleu unha botella de auga que levaba no coche; abriu a porta, botou a auga polo parabrisas e... velai o resultado: una fotografía pictórica; en paisaxe aberta, un peregrino avanza teimudo baixo a chuvia; cores empastadas, árbores difusas. A concentración do caminante soitario, só coa súa alma, cara a cidade santa.

O día 15 de novembro vai comenza-lo camiño dende Roncesvalles en bici cun amigo. Cando leades estas liñas, Roberto terá chegado por vez segunda a Compostela, e terá recollido o seu premio: catrocentos euros de veludo.

### A neuroloxista carioca

Clinete Lacativa andaba nos foros xacobeos na rede e tíñalle lei ao Camiño. Coñecía José Antonio de la Riera vía internet. Formou unha biblioteca xacobeá con cincoenta e catro volumes escritos por escritores brasileiros. O ano 2003 foi 'o ano'. Viña documentada arreo. Comenzou a peregrinación en Roncesvalles o 29 de agosto; chegou a Santiago o 30 de setembro. Acompañouna a desgana o seu home, temeroso de que a muller andase soa polo descoñecido. Clinete ri pensando nel: 'A peregrinación foi máis bonita para el. É ciruxano vascular cun traballo estresante. No Camiño relaxou; bebeu viño; tumbouse nos bosques, sob a herba, baixo as árbores, nuca tal tiña feito antes. A cotío, en Río de Janeiro, vense menos do que queren por mor dos seus horarios de traballo. "No Camiño falamos tanto, como non tiñamos feito dende había anos. Eu lle deixaba só as veces para que..." (soñadora, non remata a frase). Servíndose da súa competencia profesional, o marido de Clinete sandou tantos peregrinos nos albergues. Cando algúns deles lle recoñeceron en Compostela, recibírono entre aplausos. "Gústannos moito os albergues da Igrexa; Hospital de Órbigo, os dos beneditinos; as Carbajalas de León, os de Rabanal. Gústanos a oración no Camiño". A médica neuróloga laíase das igrexas pechadas do Camiño. "Vou escribir a...ao Papa e que lle poña remedio. Pagaría por entrar, pero quero que estean abertas". Clinete



2º Premio. Autora: María Clinete Sampaio Lacativa (Rio de Janeiro)



recorda a visita explicada en Torres del Río por...¿Carmen Pugliese? A doctora Lacativa pasou por Santiago en outono deste 2004, camiño do Brasil de volta de Viena, onde aísitiu, invitada a un Congreso de Neuroloxía. Dende a casa, mandounos unha relación bibliográfica brasileira de tema xacobeo, da que damos conta na sección de libros.

A asociación máis numerosa -con preto de 1.000 socios- da Federación, foi a encargada de organizar, e abofé que o fixo con cariño e a un altísimo nivel, a Asemblea Anual deste ano. Con presenza de 2/3 das asociacións federadas, e a lamentable noticia da baixa da Asociación da Rioja, as reunións se desenvolveron no enorme Edificio Fignatelli. Tralo cerimonial de entrega das medallas da Federación ó presidente da Comunidade Autónoma e á Asociación local, comezaron as rutineiras xornadas: aprobación da anterior acta, informe do Presidente, incorporación de Novas Asociacións, informes da revista Peregrino e de Hospitaleiros, aprobación das contas, informes das asociacións federadas, e tc. Na asemblea extraordinaria foron reeleixidos Fernando Imaz e o director da revista *Peregrino*, e tamén os restantes órganos de goberno, dos que a AGACS ten un posto na Xunta Directiva. Como convidadas asistiron as asociacións de Jaca, Hospitalet, Astorga, Calahorra, Tortosa, Caspe, Valdeorras, Vadiniense, Ourense e Ebro-Terra Alta-Gandesa, todas elas con solicitude de ingreso. Solicitou tamén a súa incorporación de novo a asociación de Lugo. Desde Francia foi presentado o proxecto Europa-Compostela, ocupando moito tempo, co proxecto logo realizado, a trancas e barrancas, dos bordóns viaxeiros en relevos como homenaxe ás vítimas do 11 de Setembro. Constatouse a pouca seriedade por parte dos encargados de publica-las actas do Congreso de Logroño (aínda ninguén sabe ren delas), e a marcha dos preparativos do seguinte Congreso en Ponferrada (2005).

O sábado, antes da misa na basílica do Pilar, as asociacións realizaron unha ofrenda floral á Virxe. A seguir trasladámonos en autobús para cear nun restaurante típico das aforas. Os acompañantes desfrutaron dun completo programa paralelo de visitas turísticas por Veruela e Tarazona, e pola propia cidade de Zaragoza. Recibimos un trato excelente por parte da asociación anfitriona, que se desviu por agradar, e unha chea de agasallos. A vindeira reunión, na primavera do Guadalquivir, será en Sevilla.

○ fachendoso auditorio municipal 'Carmen Estevez' de Vilalba foi unha sede de luxo para o **III Cumio do Camiño Norte**, que tomaba o relevo dos celebrados con anterioridade en Ribadeo e Lourenzá-Mondoñedo. Unha organización modélica, a cargo de Manuel Valín (Presidente da Asociación de Amigos do Camiño Norte e da Fundación Mariña Central), facilitou o encontro das partes implicadas na promoción dos itinerarios xacobeos que discorren polo Norte da Península. As intervencións, de acordo co modelo do Congreso de Logroño (2002), foron distribuídas nos tres grandes apartados ou piares nos que se sustenta o Camiño: Asociacións Xacobeas, Igrexa e Administracións Públicas. Pronunciou a conferencia inaugural M<sup>a</sup> Jesús Sanza Fuentes, profesora da Universidade de Oviedo, facendo un balance da historia desta ruta. A seguir falou Olivier Cébe, presidente da Academia de Investigación e Estudos do Camiño de Santiago, amosando a pegada viva da experiencia xacobeas. Nesta mesma xornada foron inauguradas senllas exposicións de pintura (Os Milagres do Camiño, por Antón García Patiño) e fotografía (Trinta e sete días no laboratorio do Camiño, por Cassandre Stapsler). María José Dopico, Xerente de Promoción do Camiño, deu paso á táboa redonda conformada polos representantes das Administracións Públicas, que contou con representantes de Galicia, Asturias e Cantabria. No día seguinte foi o turno dos Amigos do Camiño, cunha nutrida táboa, e animado debate, na que interviron Julio Mendaza, Bautista Corral, Laureano García, José Joaquín Miláns del Bosch, Ricardo Gómez Polín, José Veiga e Antón Pombo. Co intermezzo da presentación dos libros sobre o camiño na Mariña lucense, de Juan Ramón Fdez. Pacios, e a guía práctica de Carlos Mencos, e da ponencia sobre Aulas no Camiño presentada por José Leira López, Segundo Leonardo Pérez, Director do Instituto Teolóxico Compostelán, deu paso á táboa redonda sobre o papel da Igrexa no Ano Santo 2004. Concluíron as xornadas con máis ponencias referentes á potencialidade turística da ruta, a identidade territorial (Andrés Precedo) e as posibilidades para o desenvolvemento socio-económico dos concellos atravesados (Pilar Estévez, José A. Sáez Menchacatorre e José Leira). Houbo moito debate, e entre as conclusións, entregadas ó presidente da Xunta de Galicia, que véu a clausura-lo Cumio, solicitouse a inclusión do Camiño Norte como Ben de Interese Cultural, a procura de alternativas ó asfalto, que se complete a rede de albergues ou a creación dun Centro de Interpretación específico.



# Presencia da AGACS en Foros Xacobeos



Os temas de investigación, sen sair do propio Códice Calixtino, non se esgotan, e boa proba dela a tivemos na última entrega deste prestixioso congreso, nesta oportunidade con Paolo Caucci na presidencia do Comité Científico. Ó longo de catro días varios profesores e investigadores espuxeron as súas ponencias sobre o culto dos santos nos camiños de peregrinación: Manuel Díaz y Díaz, Pascual Martínez Sopena, Martin Heinzemann, Pierre-Gilles Girault, Marco Piccat, Olivier Cébe, Rolf Grosse, Maria Stella Calò, José Marques, Manuel Castiñeiras, Rossana Bianco, Fernando López Alsina, Humberto Baquero, Humbert Jacomet, Dominique Constantini, Isidro Bango, Giuseppe Arlotta, Adeline Rucquoi, Alison Stones, Klaus Herbers e Paolo Caucci. Nunha táboa redonda sobre os cultos e rituais da catedral compostelá participaron Miguel Taín e Antón Pombo. As conferencias foron expostas na sala maior do Hostal dos RR.CC., e as actividades paralelas ficaron reducidas a unha recepción por parte do Concello, unha misa na catedral e unha cea de clausura. O alto número de participantes fai agoirar unhas actas de grande interese para os interesados na haxiografía.



No local do Club Internacional de Prensa de Galicia tivo lugar este encontro. Tres mesas redondas trataron o tema do Camiño como marca (Cristobal Ramírez, Future Brand, Antón Pombo e Fernando Rodríguez Lafuente), o papel dos medios de comunicación no Camiño cos directores de *La Voz de Galicia* (Bieito Rubido), *RTVG* (Francisco Campos), *Diario de Navarra* (Julio Martínez), *Diario de La Rioja* (José Luis Prusén), *Diario de Burgos* (Vicente Ruíz de Mencía) e mailo Director Xeral Adxunto de Comunicación de *Caja Madrid* (Juan Astorqui), e maila visión do Camiño nos medios internacionais, con presenza de Luis Castro Obregón (Pte. da Asoc. de Corresponsais de Prensa Estranxeira) e Giles Tremlett (corresponsal de *The Guardian*) coa moderación de Borja Puig de la Bellacasa (Pte. da Asoc. de Directivos de Comunicación). A pesar do ton comedido e institucional, varios dos participantes fixeron fincapé na crise que padece o Camiño pola masificación malia o indubidable prestixio conservado a nivel do Estado e internacional.



# A TENDA DA ASOCIACIÓN

## Boletíns atrasados

Aínda dispomos, con precio especial para os socios, dos números **2** (1,25 euros), dedicado ó V Congreso de Asociacións e máis ás pegadas xacobeas da comarca que o acolleu; **3** (1,50 euros), con varios artigos de historia sobre o Xubileo Romano; **4** (1,25 euros), un monográfico sobre a hospitalidade; **6** (1,50 euros) e **10** (1,50 euros). Os restantes xa están esgotados, e soamente poden ser consultados no fondo da asociación ou nas seguintes bibliotecas españolas: Xeral Universitaria, Museo das Peregrinacións, Arquivo Catedralicio, Consello da Cultura Galega e Seminario (Santiago de Compostela), municipais da Coruña, Betanzos, Corcubión e Vigo, de Asturias (Oviedo), Pública (León), Centro de Documentación Xacoba (Carrión de los Condes), Nacional (Madrid), de Catalunya (Barcelona) e de Navarra (Pamplona). Se alguén ten un interese moi especial por algún dos números esgotados se lle poderían facilitar fotocopias a prezo de custe ou, para encargos de máis de 10 números, realizar unha nova impresión.



## Libros

Por un convenio asinado entre a AGACSe maila editorial Xerais de Galicia podemos ofertar os libros **Peregrinos** (Fotografía de Manuel González Vicente con textos de apoio de J.A. de la Riera) e maila **Guía Práctica do Peregrino, Bierzo e Galicia** (A. Pombo), cun desconto especial do 25% respecto do PVP. A primeira vén custado **18 euros** e a segunda **16,20 euros**.

## Actas do V Congreso Internacional de Asociacións

Xa temos a nosa disposición un lote para a venda das actas do V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas, que se celebrou en Cée na ponte do Pilar do Ano Santo de 1999. A un prezo practicamente de custe (**18 euros**) podédesvos facer con este goso volume (722 páxs), que incorpora 58 ponencias divididas entre artigos científicos e vivenciais ou de opinión. A edición correu a cargo da Imprenta da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, e o resultado non puido ser máis satisfactorio.



## Gravado

Seguimos contando cun fondo de gravados a color do Santiaguíño de Fisterra, que se ten convertido en emblema deste itinerario e da revista. A súa autora é a nosa socia Inés Iglesias Amorín. O prezo é de **5 eur.** por cada lámina.

## Camisetas

Cun 20% de desconto para os socios permanecen á venda ás camisetas co anterior logotipo. Son de algodón 100%, cor gris, manga curta e temos tallas M (en realidade pequena), L (mediana) e XL (grande). Cada camiseta: **5 euros** (prezo na rúa: 6 euros).

## Prendedores

Os últimos exemplares deste exitoso *pin*, que pla viveza das súas cores e simpático motivo (unha vez máis, o Santiaguíño medieval de Fisterra), atópanse á vosa disposición. Un obxecto para coleccionistas e para lucir como emblema xacobeo. O prezo é de **2,20 euros** a unidade.

Os encargos deberán ser realizados ó enderezo da revista e, para non paga-lo contra-rembolso, convén retirar-lo material nalgunha das actividades da Asociación ou no domicilio postal desta en Compostela (Costa Nova, 55), da revista (A Coruña), ou dos nosos vocais en Betanzos, Vigo, Valença do Minho ou Madrid (chamade á Asociación para saberdes do enderezo).



# ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS DENDE A PRESIDENCIA

Setembro-December 2003

**Setembro:** Con motivo da realización dunha guía do Camiño Francés témo-la ocasión de visitar numerosos albergues e saúda-los membros doutras asociacións. Preparámo-lo número 10 de Libredón.

**27 de Setembro.** Participamos na Xornada Xacobeas celebrada en Santiago de Compostela.

**17-22 Outubro:** Para a Xunta de Galicia realizámos a pé, pernoctando nos albergues, o informe técnico do Camiño Norte.

**24-26 Outubro:** Participamos nas Xornadas Iria-Padrón e as lendas xacobeas, organizado polo Comité Internacional de Expertos e maila Xerencia do Camiño de Santiago, pronunciando unha ponencia sobre a renovación das tradicións santiaquistas en Padrón a finais do século XIX.

**31 Outubro:** Reunión, na que participa tamén J.A. de la Riera, coa Xerente do Camiño en Santiago. Facemos entrega do informe técnico sobre o Camiño Meridional.

**1-2 Novembro:** Asistimos á marcha polo Camiño Norte entre Abadín e Vilalba, e á comida de Baamonde.

**3 Novembro:** A petición da Xerencia, enviamos unha lista sobre relatos históricos de peregrinos que poderían ser publicados no Ano Santo.

**10 Novembro:** Xestións co concello corcubionés para levar adiante o convenio do albergue.

**1 Decembro:** Acudimos a Santiago, por terceiro ano consecutivo, como xurado do concurso escolar 'Vén ó Camiño'.

Xaneiro-Abril 2004

**17 Xaneiro:** Presidímo-la Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria, celebrada en Santiago. O mesmo día levamos ó albergue de Fisterra máis camisetas para a súa venda entre os peregrinos.

**18 Xaneiro:** Iniciámo-la colaboración, coa revista Peregrino, enviando a primeira crónica do Ano Santo.

**6 Febreiro:** Reunímonos coa Xerente do Camiño para tratar varios temas referentes á asociación, adiantando unha nova proposta de convenio para este ano.

**19 Febreiro:** Levamos unha colección completa de *Libredón* ó Consello da Cultura Galega, outra (duplicada) á Biblioteca Xeral e unha terceira ó Museo das Peregrinacións, reforzando así en Santiago a presenza do noso boletín. Ás 20,30 h., con presentación de Constantino Chao, na Coruña pronunciámo-la conferencia 'Prolongación Xacobeas a Fisterra e Muxía' para os Amigos da UNESCO.

**21 Febreiro:** Presidímo-la Xunta Directiva ordinaria, celebrada en Santiago. Entre outras cousas, acordouse propor á Xunta de Galicia un novo convenio para colocar placas e cunchas de sinalización, prepara-la peregrinación polo Camiño Primitivo, presenta-lo folleto deste itinerario na Fonsagrada, decidi-la nosa postura na asemblea de Zaragoza e avanzar na elaboración do novo número do boletín.

**19-21 Marzo:** Desprazamento a Zaragoza para participar na Asemblea Anual da Federación Española de Asociacións Xacobeas.





**21 Marzo:** Depositamos unha colección enteira de *Libredón* na Biblioteca Pública de Navarra. Aproveitámo-la viaxe para deixar en albergues os nosos folletos do Camiño Norte e convocatorias de concursos.

**27 Marzo:** Presidímo-la Asemblea Xeral Extraordinaria convocada en Santiago para axeita-los estatutos á nova lei de asociacións.

**2 Abril:** Pagamos á imprenta Paco, en Cee, os folletos.

**13 Abril:** Participamos en directo, no debate de Radio Voz, sobre a posible prohibición dos ritos practicados polos peregrinos no Pórtico da Gloria.

**20 Abril:** Mantemos unha breve reunión con directivos da Asociación madrileña de Amigos do Camiño.

**27 Abril:** Con motivo da presentación da Guía do Camiño facemos unha xuntanza breve cos amigos dos Camiño de Bizkaia.

#### Maio-Agosto 2004

**12 Maio:** Do mesmo xeito que en Bilbao, departimos con Ferran Lloret en Barcelona. Ingresamos unha colección completa de *Libredón* na Biblioteca de Catalunya.

**14-16 Maio:** Participamos activamente, en mesas redondas, presentando a guía de Carlos Mencos e redactando as conclusións, no III Cumio do Camiño Norte organizado en Vilalba pola Xunta de Galicia. Durante o simposio realizamos xestións coa fotografía suíza Cassandre Stapfer.

**20 Maio:** Reunión co alcalde de Corcubión para falarmos do albergue de San Roque e da mellora do camiño á entrada do Vilar.

**12 Xuño:** Visita das obras do albergue de San Roque. Facemos xestións para conseguirmos liteiras.

Xullo-Agosto: Diversas xestións, realizadas en Corcubión co Concello, para a posta en marcha do albergue de peregrinos San Roque.

**8 Agosto:** Xuntanza cos participantes da VIII Peregrinación a Fisterra-Muxía en Cée, Corcubión e no pavillón de Fisterra.

**14 Agosto:** Presentación do convenio de colaboración entre a AGACS e mailo concello de Corcubión para a xestión do devandito albergue. A seguir celebramos unha Xunta Directiva.

#### Setembro-Novembro 2004

**Setembro:** Sucédense as reunións preparatorias para ultima-los detalles do convenio e maila apertura do Albergue San Roque, básicamente co concello de Corcubión. Adquirimos comida e materiais de limpeza para o albergue.

**18 Setembro:** Aproveitámo-la participación no VII Congreso de Estudos Xacobeos para reparti-las invitacións da inauguración do albergue. Desde o día 7 de setembro visitamos a diario o albergue, onde xa acollen ós peregrinos os hospitaleiros.

**24 Setembro:** Inauguración oficial do albergue San Roque, con participación dunhas 200 persoas entre veciños e amigos do Camiño.

**27 Setembro:** Con Jose Riera pasamos todo o día na Coruña preparando a memoria para o premio Elías Valiña.

**1 Outubro:** En nome da AGACS participamos no Encontro dos Directivos de Medios de Comunicación, celebrado en Santiago de Compostela durante toda a xornada. O tema a tratar en táboa redonda foi: '¿Está en crise o Camiño de Santiago?'.

**5 Outubro:** No Centro de 2ª Fonteboa (Coristanco), damos unha charla a 60 alumnos sobre a Peregrinación a Fisterra e Muxía.

**6 Outubro:** Recollémo-las exposicións de fotografía sobre o Camiño Portugués e de Fisterra que se atopan na Fundación Fernando Blanco, con posterior traslado ó albergue.

**24-25 Outubro:** Deixamos folletos do Camiño a Fisterra nos albergues de Jato, Calzadilla de la Cueva, Larrasoaina e Orreaga. Reunión con Fernando Imaz en Donosti para tratar diversos temas da Federación.

**Novembro:** Preparación da revista.

**12 Novembro:** Reunión co alcalde corcubionés para solventar diversos aspectos do albergue.






# OUTRAS ASOCIACIONES

A asociación parroquial de Donosti **Mundo Nuevo** segue a publicar con regularidade os seus *Pliegos Camino de Santiago-Siempre en Camino*, que ven a luz con periodicidade mensual en formato de fotocopia en A3 dobrada por ámbalas caras. Este Ano Santo, os nosos amigos e socios da AGACS acaban de supera-los 200 pregos xacobeos, que mesturan a información meramente relixiosa con outras de Compostela e as propias do seu grupo de teatro, que xa leva representados varios autos sacramentais de temática santiaguista.



Desde o **Grupo Cultural 'Galicia en Madrid'**, dirixido polo Profesor Manuel Mourelle de Lema, foi organizado un Congreso Internacional, do 28 de Xuño ó 2 de Xullo deste ano, centrado na *Ruta Matritense-Centro-Castellano-Norzamorana a Compostela*. A sede das xornadas foi a histórica vila abulense de Arévalo

Dámo-la benvinda á **Asociación de Amigos del Camino de Santiago de L'Hospitalet**, unha máis en Cataluña, e ó seu boletín, nado a finais de 2003 con modestia pero con entusiasmo. Agardamos contar axiña convosco na Federación.



A asociación comarcal Neria, con sede en Cee, cada vez anda máis liada polas tensións políticas e perante un horizonte pouco esperanzador en caso de que Galicia deixe de ser obxectivo 1 da Unión Europea nun futuro inmediato. Entre tanto continúa realizando a promoción do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía, pero dun xeito non excesivamente elegante para coa nosa asociación. Como mostra non hai máis que ve-lo folleto que editaron para repartir en FTUR e noutras feiras de turismo. En realidade corta e pega longos párrafos da nosa guía, pero no seu interior non hai nin sequera unha mención ó traballo desenvolvido pola AGACS, e tampouco unha cita das fontes ou agradecemento. Entre os teléfonos de interese tampouco figuramos por ningunha parte. Son demostracións de cariño que nos deben encamiñar por unha senda propia e incluso a necesidade de replantearnos moitas cousas.

Con grande forza chegou ó Camiño a **Asociación de Amigos del Camino de Santiago-Ruta Vadiniense y Picos de Europa**, presidida polo noso amigo o catedrático José Fernández Arenas e con sede na vila leonesa de Cistierna, onde existe un albergue. Tras recuperar este itinerario, que enlaza Potes, na ruta de Sto. Toribio, con Mansilla de las Mulas, completaron un folleto descriptivo e unha guía de 143 páxinas coas que o camiño queda perfectamente definido. A ruta nos permite cruza-los Picos de Europa por un dos escenarios máis bucólicos e fermosos do Norte de España. As etapas propostas son Potes-Fuente De (23 km), con ascenso no funicular e aloxamento no refuxio de montaña; Fuente De-Riaño (35 km), Riaño-Cistierna (32 km), Cistierna-Gradefes (27 km) e Gradefes-Mansilla de las Mulas (24 km). En Pandetrave o peregrino acadará os 1.562 m. de altitude.








Os nosos colegas os **Amigos da Vía da Prata**, que tras un forte estourido inicial, con centos de socios e moitos alcaldes, foron perdendo fol perante a falta dunha vida asociativa constante, parecen ter resucitado este ano editando un sinxelo folleto sobre a Vía Ourensana (prolongación da Vía da Prata), e solicitando o seu ingreso na Federación. Como sabedes, este colectivo naceu a partir dunha escisión da AGACS, e na actualidade, con moita compracencia pola nosa banda, seguen a emprega-lo mesmo logotipo cá nós. Desexámoslles sinceramente que non volvan a caer nos brazos de morfeo, pois o itinerario por Ourense non está, precisamente, nin limpo, nin ben sinalizado, nin ben fornecido de albergues. ¡Hai moito que facer...!

O boletín da **Asociación de Amigos del Camino de Santiago del Bierzo**, que leva o nome do bispo Osmundo, cumpríu o seu décimo aniversario, en coincidencia coa saída do número 10, a finais de 2003. No interior deste boletín extraordinario, cargado de publicidade (¡contádeno-lo segredo, porfa!), foi reproducido o primeiro número, facendo así crónica dunha época. Entre outras noticias salientámolas estadísticas estratosféricas do albergue San Nicolás de Flüe de Ponferrada, con 15.140 peregrinos acollidos ata agosto de 2003 (¡que terá acontecido este ano!), as suxerencias para despois do Camiño, a presentación en sociedade da denominada columna xacobeá (máis ben parece un totem) instalada no xardín do albergue a proposta do artista chileno Juan Carlos Lizana, a inauguración da nova oficina e sede da asociación e unha dura crítica ó 'burladeiro' de peregrinos creado no Valcarce. Engaden asemade un completo repertorio de logotipos de asociacións e portadas de boletíns xacobeos, demostrando que somos lexión os que escribimos.



Tamén a asociación presidida por Laureano Víctor García segue a editalo seu boletín periodicamente, e case en todos eles continúan a editorial ou as colaboracións a lairse sobre o lamentable estado en que permanece o mosteiro de **Santa María a Real de Obona**, venerable ruína que acabará por estragarse de non mediar unha importante intervención. O SOS para salvar Obona parece ter reunido numerosos apoios de entidades asturianas, pero o máis difícil é escoller un proxecto de futuro para que as dependencias monacais, despois de restauradas, non volvan a ser estragadas polo abandono.

Se hai unha asociación pintoresca, un tanto anacrónica nos seus obxectivos, e desde logo redundante na súa mensaxe mono-maniaca, esta é a pomposamente titulada **Asociación Interregional de los Amigos del Camino de Santiago "Alfonso II El Casto"**. Nos seus boletíns non parece existir outro tema que o da primacía ovetense e asturiana na formación do Camiño de Santiago, con galería de personaxes, rexios e do alto clero, que xustifican esta singularidade da corte asturiana. As imaxes do prerrománico astur e das biblias mozárabes son constantes, e a presenza dos Pelayos, sexan rei ou prelado, explican a clave de toda reivindicación. Á maneira dunha historieta de cómic, os directivos da devandita asociación, tamén en directo, non paran de falar de Asturias, da monarquía, do Príncipe e Leticia, das glorias pretéritas, do Sr. alcalde de Oviedo, do ilmo. Sr. Arcebispo de Oviedo, da primoxenitura, etc. Falecido o presidente honorífico, D. Isidoro Millán González-Pardo, que foi socio noso, todo o peso do colectivo recae en D. Vicente José González, titular xubilado da Universidade de Oviedo e verdadeiro delator dos manipuladores que negan a primacía ovetense e a presenza da tumba apostólica, sobre os que reparte estopa sen recato. No sumario da revista reza con rotundidade unha sentenza: "*El correcto planteamiento del Camino conlleva el de la historia alto-medieval*" (¡que tempos aqueles, che!).



Estreou tamén revista a **Federación do Camiño Norte**, promovida polo amigo Bautista Corral de Santander pero polo de agora sen excesivo éxito de afiliación. Moi encomiable o desexo de contentar a tódalas asociacións representativas, con páxinas dedicadas a cada un dos territorios, e as noticias sobre albergues, lugares económicos para comer, monumentos como o de Astillero, etc.

O último número recibido de **Bibliografía Jacobea** estaba destinado a falar da cidade de Santiago e a catedral, baixo o título de *'Motivo y Meta'*. Deste xeito, Barreda segue alicercando a seriedade do seu centro de documentación, único materializado dos moitos que se pretendían inaugurar ó longo e largo do Camiño.

Entre as asociacións pintorescas que están nacendo á beira da ruta, dedicamos agora unhas liñas a falar desta Fundación, que pretendeneda menos que *'la recuperación, rehabilitación y repoblación forestal del itinerario conocido como "Camino Francés" en una primera etapa, que tendrá continuidad hasta cubrir todas las rutas históricas, con lo que se pretende llevar a cabo la que, sin duda, es la más ambiciosa y espectacular acción medioambiental emprendida en Europa desde hace mucho tiempo'*. E con tal limiar os voceiros deste misterioso grupo titulan o seu proxecto como *'Una línea verde sobre la tierra de España'*. A seguir solicita a colaboración das asociacións pero sen explicar como (é de supor que plantando árbores). Asina un tal Guillermo W. De Ducla, que poderíamos acumar 'O Repoboador'. Xa veremos en que remata todo isto.

Máis amigos traballadores que, como formiguiñas, acaban de delimitar, con grande apoio do Goberno Autónomo, a senda de 77 km. que se prolonga desde a igrexa de Santiago, no Madrid dos Austrias, ó porto de Fuenfría (¿ou diremos Fonfría para actuar do mesmo xeito que José Antonio Ortiz cos nosos topónimos?). Para sinalalo itinerario a Comunidade instalou 14 marcos de pedra, 132 balizas e 60 placas de cerámica, patrocinando o libro de Adrián Herrero (vid. crítica literaria) que o documenta e describe. Agora está por saber se a Comunidade de Castela-León, que bastante ten con non perder peregrinos que se saltan a meseta, vai poñer tanto interese coma os madrileños para promocionalos tramos restantes ata Sahagún. En caso contrario, sempre quedará o consolo da frecha amarela.



Os amigos de Barcelona sempre nos caeron simpáticos pola edición artesanal dun boletín, **Vestigium Viae**, que ademais ten nome latino de corte iniciático. Desde hai anos, os socios deste colectivo están prestando un continuado e meritorio servizo no albergue parroquial de Hospital de Órbigo. Aló mesmo, o 24 de xullo deste ano, acaban de inaugurar unha curiosa cruz xacobea de ferro, de moderno deseño que contrasta coas alambicadas farolas que o rodean, unha delas sostida, en aparencia procesional, por unha especie de dama tocada. Deseñada por Hector, funde a cruz de Roncesvalles coa tau e a cruz da orde de Santiago e outros elementos propios das ordes sanxoanista, templaria, etc., sumando un total de sete diversas.



Laurie Dennett, filla adoptiva do Cebreiro por unanimidade e presidenta da Fundación Santo Milagre, na actualidade composta por cinco persoas, tivo un gran mérito organizando unha mostra fotográfica do onte e hoxe da emblemática aldea. Baixo o título **Memorias do Cebreiro**, a exposición permanece aberta do 15 de setembro ó 15 de decembro de 2004, e recolle fotografías cedidas por numerosos veciños e arquivos fotográficos da provincia. A mostra aparece dividida en diversos apartados e colgada en sete negocios de hostelería da aldea (case que todos).

Longo, extremadamente longo, o texto que nos envía outra nova asociación titulada **Peregrinos de la Iglesia** (esta militancia exclusivista xa non parece preludiar nada bo, pois os demais parece que nos condean a ficar fóra da idem). Resumindo moito, o colectivo remóntase ás súas orixes na Acción Católica e pretende conseguila beatificación de Manuel Aparici, fautor da peregrinación xuvenil que levou a 100.000 xoves a Compostela en 1937 (¡menudo ano!). Con tales elementos de análise, como comprenderán os lectores, xa nos tememos certo revival da España luz de Trento e tumba herexes, do maniqueísmo nacional-católico que pretendeu resucitar o do bigote e doutros elementos cun tufo a rancio. Pola nosa banda preferímo-lo ecumenismo e a fraternidade xacobeá fundada nunhas bases amplas e presididas pola virtude democrática da tolerancia e dun itinerario de encontro, aberto a todos.

Recibimos periodicamente o boletín **Chemins...**, editado pola Asociación Interrégionale, con sede en Toulouse, e dirixido por Antoinette Mayol. Cun moderno e atractivo deseño ofrece información actualizada de eventos (congresos, exposicións, actividades culturais), publicacións, pequenos artigos de opinión, etc. No número 9, do inverno de 2003-2004, fai unha chamada de atención sobre o incorrecto uso da sinalización da cunha de vieira simplificada polo Consello de Europa. Eteñen toda a razón se considerámo-la arbitraria colocación, contradicindo tódolos esforzos realizados con anterioridade, na comunidade autónoma de Galicia, onde tódolos camiños que converxen nun punto, a base da vieira, foron convertidos nunha fuga ou universo en expansión. O paso de Castela ou Asturias a Galicia provoca non poucos despistes nos camiñantes afeitos ó sentido común.

Con máis moral có celeberrimo Alcoiano, pois o Camiño Inglés non parece levantar cabeza nin en ano de perdoanza, Barry Mac Ginley e os seus esforzados, que conseguiron un grande éxito coa evocación da Batalla de Elviña, non cesan, teimudos eles, en promove-lo itinerario de Coruña a Compostela (dúas cidades que, a 170 anos do definitivo trunfo do liberalismo, seguen a parecer incompatibles). En tal sentido programaron un ciclo de conferencias, en setembro próximo pasado (Aula de Caixa Galicia en Médico Rodríguez, A Coruña) con participación de Antonio Río López, Teresa Smal, Ismael Velo, Carlos Pereira, Manuel Rodríguez Maneiro, Victoriano Nodar e Felipe Senén López.

Outros propagadores incansables da peregrinaxe, con romaría institucional coa daquela ministra Flar del Castillo incluída para atrae-los medios, son os **Antigos Alumnos da Universidade de Navarra**. Os esforzados *Alumni Navarrensis* deronlle voltas ó maxín para crea-la **Acreditación Jaquea Universitaria**, calificada por algúns como experiencia fondamente corporativa pero que presenta o atractivo de conxuga-la universalidade que no seu día era innata ós centros superiores de estudos (hoxe tan localistas) e para estimula-la peregrinación entre os xoves universitarios. As universidades españolas, postas de acordo, xa están dispostas a selar o documento creado con tal motivo, que poderá ser engadido á recepción da cada día máis devaluada *Compostela*. Os nosos parabéns e un enderezo para os que desexen recolle-la acreditación ou saber máis cousas sobre ela: [alumni@unav.es](mailto:alumni@unav.es) [www.campus-stellae.org](http://www.campus-stellae.org)





# Albergue San Javier de Astorga

O 4 de Xuño de 2003 comezou a funcionar en Astorga o **Albergue San Javier** (C/Portería, xunto á catedral), verdadeiro luxo cinco vieiras que converte a esta cidade episcopal nun dos centros con máis prazas para peregrinos. Instalado nun antigo casarón brasoado ten capacidade para 120 peregrinos e unhas instalacións máis propias dun hotel. Aténdeo Javier Ramos, fillo de Gaspar o propietario do clásico Hotel Gaudí e doutro negocio de hostelería en Rabanal del Camino, co apoio do hospitaleiro Ramón. Iniciativa valente e arriscada se o que se pretende é amortizar investimentos, pero apaixonante para quen procure un xeito diverso de facer hostelería.

O fiasco do ano santo foi protagonizado por un grupo de empresarios que se pasaron de listos provocando un considerable escándalo, con denuncias inclusive, no mes de agosto. A idea partiu da web *alberguescon-reserva.com*, donde a empresa leonesa Dalmape ofertaba oito lugares para pernoctar, entre Vilafranca do Bierzo e Santiago, sen a incomodidade dos cheos. En realidade, os raposos que se traían entre mans esta brillante idea para facer caixa non se decataron do complicado que era por en marcha un negocio en Galicia, e das reticencias que ían despertar nos pobos onde se pretendían instalar, desembarcados en paracaídas, para competencia dos veciños e dos seus negocios. Tentaron logo alugar instalacións xa en funcionamento, e unir ó negocio das durmidas o do transporte de mochilas para falsos peregrinos preguiceiros. A cousa acabou como o rosario da aurora, con inmundos galpóns sen licencia nin servicios hixiénicos, colchonetas tiradas polo chán para acolle-los infelices, e tamén egoístas, que picaron, e todo elo en medio de denuncias, colocación de precintos e máis escándalo Para o Camiño Francés. O custe por persoa para as oito pernoctas era de 175 euros, ou sexa, a nada desprezable cantidade

de 21,8 euros por persoa e día, que supera o prezo dunha pensión ou hostel económico. As instalacións, para máis desastre, causaron un grave dano en zonas que están protexidas como BIC (¿donde estaba a Xunta? ¿donde os concellos que tanto protestaron logo?).

A Arantxa Imaz e ó seu albergue *Acuario* saílle un competidor na **Residencia de Peregrinos San Lázaro**, que por fin foi inaugurada nun edificio que levaba anos sen uso. A Xunta, en vez de cargar coa xestión, sacouna a concurso, seguindo o modelo do Monte do Gozo, para que a leve adiante unha empresa privada. O albergue consta de 80 liteiras repartidas entre dous pavillóns grandes e seis módulos, e os peregrinos reciben roupa de cama e toalla, poden cociñar e dispoñen dunha lavandería. O custe diario é de 10 euros a primeira noite e de 7 euros a segunda e terceira, tope permitido de permanencia. Atópase aberto de 13 a 21 h. e conta con vixilantes de seguridade.

Acacio da Paz comunicounos o seu inmediato traslado con Orietta, desde Calzadilla de la Cueva, por un motivo especial: a inauguración, no antigo Sarracín de Veiga de Valcarce, do primeiro albergue brasileiro do Camiño Francés. So o padroado do peregrino e mecenas Itabyra do Carmo Cunha, o 1º de Xaneiro de 2005 abrirá aló as súas portas o **Albergue Nossa Senhora**

## Aparecida .

Outros albergues abertos en 2004, conforme á lista que nos envía Acacio, son os de Cirauqui (parroquial), Tardajos (privado), Azofra (público), Agés (privado), Burgos (*Emaús*), Boadilla del Camino (privado), Hospital de Órbigo (privado), Murias de Rechivaldo (privado), Sarria (dous novos privados). E aínda se nos escapa algún nun panorama que, polo visto, aínda dista moito de atoparse saturado.



Javier, Ramón e dous peregrinos diante do albergue.  
Fotografía: Antón Pombo



# O Camiño Primitivo abandonado á súa sorte

Manolo Vilar

## TRAMO PARADANOVA-HOSPIT AL DE MONTOUTO

O maior problema aquí está no tramo que hai antes de chegar a Pobra de Burón. A uns 600 m. despois de deixar a estrada en Paradanova o camiño pasa por diante dun serra-doiro de madeira, deixa unha pista que sube a Fonsagrada, e métese por un tramo antigo, delimitado por paredes de pedra de prados e vexetación autóctona, pero chega a un punto en que é imposible pasar, pois a maleza invádeo todo e tapa totalmente o camiño. Se se quere seguir hai que dar un rodeo por unha pista. O mesmo pasa ao cruzar a estrada que vai de Burón a Fonsagrada. Tampouco a saída do pobo está moi clara.

Outro punto a ter en conta neste tramo é a sinalización insuficiente. E non debemos esquecer que este tramo pasa por Pobra de Burón, antiga capital do concello do mesmo nome. Pobra de Burón é un núcleo que aínda conserva un patrimonio cultural interesante: restos dunha fortaleza, dúas igrexas e mostras de arquitectura popular, patrimonio



Camiño cara Pobra de Burón. Fotografía: Manolo Vilar

## TRAMO LUGO-MEJIDE

Descubrimos dous problemas graves. Ao pasar Xende (P.K. 77,540-Friol) o camiño desaparece dentro dun prado e despois nun pinar: non hai camiño físico. Segun me contou unha veciña e dona da leira, si hai camiño, si hai dereito de paso, pero aproveitaron ata o muro o prado. Polo tanto non se ve o trazado do camiño e os peregrinos dan volta. Aquí cómpre sinalizar ben.

Outro atranco aparece en Paraño (P.K. 77,120-Friol), onde unha enorme construción mesmo a carón do camiño o afea e non só iso, senón que bota xurro para o mesmo e hai que enterrarse nel para pasar. Despois de deixar este tramo (P.K. 76,660) atopamos outro totalmente cuberto de silvas e, de contado, o camiño desaparece nun prado, polo que non se ve saída ningunha. Segundo comentou unha veciña de Senande, aldea seguinte e xa do concello de Palas, o camiño pasaba polo prado pero os donos aproveitárono e hoxe non hai trazo del, aínda que si servidume.



Tramo enlamado no Paraño (Friol) a carón dun agresivo muro de bloque. Fotografía: Manolo Vilar

que se está caendo e deteriorando. Deberíase dar unha maior información sobre este pobo e a súa importancia histórica e patrimonial.

## TRAMO CASTROVERDE-LUGO

O principal problema nesta etapa está cando nos achegamos á cidade de Lugo. Dentro deste concello e achegándonos á autovía hai un tramo totalmente colmatado polas silvas, polo que cómpre desviarse, e despois de cruzar a autovía, entramos nun antigo campo militar onde as posibilidades de perderse son moi altas. Tamén dentro deste concello atopamos en varios puntos lixo tirado ao pé do camiño. Outro problema en toda esta etapa é que a maleza en algúns puntos está cubrindo o camiño e se non se limpa pronto o cubrirá todo. A sinalización tamén resulta insuficiente.



Sector impracticable antes de chegar á autovía en Lugo. Fotografía: Manolo Vilar



## Os lumes estragan a baixada a Verín

Manolo Vilar



Rego Riveiriña, donde estrada e autovía acabaron co camiño.  
Fotografía: Manolo Vilar



Monte estragado polo lume na baixada por asfalto a Verín.  
Fotografía: Manolo Vilar



O camiño cruza ata tres estradas paralelas.  
Fotografía: Manolo Vilar

**Na entrada** do Camiño Meridional en Galicia, pola variante do val de Monterrei, hai varios puntos conflictivos por mor das obras recentes da Autovía das Rías Baixas. En primeiro lugar cómpre sinalar que se camiña en paralelo a esta vía de alta capacidade e soportando un intenso ruído. Noutras ocasións é preciso cruzala, e as veces o camiño pérdese labirinticamente sorteando os piares dos viaductos e mailas escurrentías das augas que erosionan as ladeiras, e xa non hai congrostra que marque o camiño, como cando cruzamos o rego Riveiriña, na estrada N-525 e no marco 219,389.

No marco 217,973 o camiño deixa a estrada N-525 e entra noutra vía, seguramente feita para as obras da autovía, e despois de cruzala entra nun trazado antigo da N-525. Excesivo asfalto sen que os que fixeron unha estrada para unhas obras tiveran o sentido de devolvela ó estado natural unha vez rematadas estas.

Atopamos tamén moito lixo, como no marco 198,097 (concello de Ríós, despois de pasar Fumaces) e en varios puntos baixando cara Verín. Neste tramo atopamos tamén grupos de cans abandonados, que constitúen un verdadeiro perigo (marco 198,258).

Hai varios tramos en que se camiña pola estrada e, as veces, ó carón desta, quedando a vía algo alta e obrigado o peregrino a seguir polo ribazo, mantendo o equilibrio como pode e procurando non caer monte abaixo, como ocorre á altura do marco 195,698. Tamén hai algún sector con maleza, como cando nos achegamos a Verín (marco 194,258), onde o camiño queda totalmente cuberto polas mimosas e faise imposible pasar, tendo que voltar para atrás, por donde andaban os cans. A alternativa: agatuñar polo inclinado ribazo cara a estrada.

A entrada en Verín está tamén moi confusa pola falta de sinalización, problema que se dá en varios puntos máis, como en Mesón de Don Pedro, en Sarreaus (Ríós), por citar soamente dous exemplos.



# O Camiño Inglés non acaba de despegar\*

Manuel Pérez Regueiro  
Constantino Chao Mata

## PUNTOS NEGROS:

Completar sinalización

Faltan fontes en moitos tramos

Hai algún vertedoiro, zonas inundables, desbroce

En xeral, falta toda a sinalización vertical de Ministerio de Fomento

### 1 FERROL

Falta completar a sinalización na zona urbana ("Vieiras" nos edificios; fitos de pedra no Cantón e ó longo da muralla de Bazán)

Fitos de pedra no cruce das Pías, Campo de fútbol e "bandeirolas" no Polígono da Gándara (cruces peonís).

### 2 NARÓN

Resolver o trazado definitivo estragado pola AP-9. Sinalar alternativas con fitos de pedra (Á saída do polígono e cruza-lo túnel do tren, faltan sinais). Marcar o paseo marítimo ata a nova ponte de madeira do Xubia.

### 3 NEDA (Pax. 2)

¡Urxente! Cruzar a estrada Xeral (AC-115), onde sae e entra o tráfico á AP-9, no Regueiro. É moi perigoso. Instalar dous pasos de cebra, un no camiño do Regueiro (onde para o Bus) e outro para atravesar a AC-115. Hai risco certo de atropelos de camiñantes, dada a intensidade de tráfico.

### 4 FENE (Pax 3)

Non hai fontes de auga potable en todo o trazado deste concello. Ó saír do monte despois de Santa Ana e chegar á pista de servizo (de terra) da Autopista, non hai sinais e costa traballo subir a costa deixada polas obras no camiño de terra, ata despois de pasar por baixo a AP-9.

Falta un fito de pedra que nos dea a dirección correcta.

### 5 CABANAS (Pax. 4)

Resolver a travesía do Polígono de Vilar do Colo. Hai unha alternativa proposta ó SEPES, que hai que levar a cabo. Desbrozar, construír unha pequena ponte peonil que salve o regato e sinalizar con pedrafitas.

Faltan fontes (a Xunta prometeu reacondicionar dúas).

### 6 PONTEDEUME (Pax. 8)

Falta algunha sinal na zona urbana. Concretar negociación co obispado para restaurar o antigo hospitaliño anexo á igrexa de Santiago, como albergue.

### 7 MIÑO (Pax. 8)

En Buiña, completar o camiño feito (auga no camiño, etc.). Antes de cruza-la AP-9, polos camiños do monte, onde FADESA vai construír un campo de golf e unha urbanización, artellar un camiño de terra definitivo.

Despois de Ponte Baxoi e antes da Autopista, na Vila de Miño, hai problemas de anegamento do camiño.

### 8 PADERNE (Pax. 9, 10, 11)

Fontes, na zona entre Autopista San Pantaleón (Adecentar, comprobar, sinalizar).

Ó baixar á estrada N-651, antes de Mataballos, mellorar a beirarrúa.

Comprobar fonte en Gas.

### 9 BETANZOS (Pax. 12)

Sinalizar zona urbana (¡ollo! Monumento histórico-artístico)

### 10 ABEGONDO (Pax 16,18)

Faltan fontes (Pax. 15)

Entre Cos e Meangos, hai unha zona de monte inundable, por un regato que pasa. Colocar pedras e facer un paseo

¡Fai falta un albergue!

Entre Frea e San Paio, hai que desbrozar e sinalizar, polo monte xunto o regato.

### 11 ORDES

(Pax. 20, 23)

Entre Malata e Bruma, algún vertedoiro de lixo e problemas de inundacións.

Entre Carballeira e A Rúa de Buscas (S.Paio), polo monte, troco pechado por particular.

Cruceiro de pedra no monte. Limpar o contorno ou trasladar a Carballeira, á entrada do Camiño de terra.

(Pax. 24, 25)

Entre Outeiro de Abaixo e de Riba, acondicionar unha subida moi pronunciada, facendo unha rampla accesible.

Amañar fonte, en Outeiro de Abaixo.

Entre Outeiro de Riba e a estrada de Senra, desbrozar camiño fondo.

(Pax. 26)

Entre Casanova de Pereira e Ponte Pereira, zona inundable. Meter pedra para facer una pasal.

(Pax. 27)

Iden entre Ponte Pereira e Carras.

(Pax. 28)

Entre Carras e Baxoia, desbrozar camiño fondo polo monte (Só a man, non máquinas pesadas)

### 12 OROSO (Pax. 29,30)

Entre Baxoin e Sigüeiro, camiño recto da parcelaria, construír fonte e área de descanso.

En Sigüeiro, en Ponte Illoá, ponte de madeira, limpar e desbrozar.

Un albergue.

### 13 OROSO/SIGÜEIRO

Zona urbana, sinalar, ata a Ponte do Tambre.

### 14 SANTIAGO (Pax. 32,34)

Repasar sinalización entre Barciela e a cidade de Compostela.

Cruce da N-550

Construír unha ponte de madeira no rego Sionlla.

Túnel baixo o Tren Ave. Subida e baixada ó monte Castro.

Ver unha opción de terra, paralela á N-550, dende o Castro ata o Polígono.

Definir a entrada a Santiago.

\* As páxinas citadas correspóndense co informe entregado á Xunta de Galicia.



# Carencias de albergues e pontes na prolongación a Fisterra-Muxía

### Redacción

#### Concello de Santiago de Compostela.

1- A sinalización urbana en Compostela é moi deficiente ata a carballeira de San Lourenzo, onde a Xunta colocou o primeiro marco de pedra. Sería moi atinado, aproveitando a obra de mellora das rúas Poza de Bar e San Lourenzo, colocar nas beiravías sinais (por exemplo cunchas de metal).

2- Conviña realizar un serio desbroce e limpeza do Camiño na subida a Sarela de Baixo, pois a vía atópase case pechada grande parte do ano.

#### Concello de Negreira.

3- A concentración parcelaria dos montes nas parroquias de Aro e Broño, en Negreira, pon en perigo nada menos que catro quilómetros ate agora intactos do antigo camiño real. A empresa que realizou o proxecto, segundo nos comentan os veciños, non contemplou para nada a existencia do itinerario xacobeo. **MOI GRAVE**.

4- En paralelo á estrada de Negreira a Marco do Couto, sería convinte, por tratarse dunha zona de monte pelado sen edificación, unha senda paralela entre Portocamiño e Vilaserío.

5- O albergue de Vilaserío, de propiedade municipal e xestionado polos veciños, atópase nun lamentable estado, ofrecendo unha pobre imaxe deste Camiño.



Vertedoiro de lixo no tramo do concello de Sta. Comba, pasando o Marco Cornado e na terra de Xallas. Fotografía: Manolo Vilar

#### Concello de Mazaricos.

6- Permanece estancado o proxecto de albergue en Santa Mariña de Maroñas. O albergue histórico estivo en Bon Xesús. En Maroñas hai varias casas de pedra antigas, así unha con restos góticos ou unha ferraría, que poderían ser adquiridas e restauradas. O albergue é moi necesario para parti-la longa etapa de Negreira a Olveiroa.

7- Desde Lago, ó pé do monte Aro, a Mallón, á beira do

Tambre, o itinerario circula sobre pistas rurais asfaltadas. Pensando no futuro debería planificarse a creación dunha senda paralela peonal de terra (son case 5 qm). Aquí temos que engadi-lo gravísimo corte do camiño, nun tramo de 1,4 qm., na subida ó MONTE ARO, cuestión que pasou ó xulgado por denuncia do Concello de Mazaricos ó veciño, que non respecta un dereito de paso nin a sinalización cos marcos de pedra. Como adoita ser habitual nestes casos, a Xerencia de Promoción do Camiño e maila S.A. de Xestión do Plan Xacobeo lavaronse as mans.

#### Concello de Dumbría.

8- A ponte do Vao de Ripas (Logoso) leva 8 anos derrubada, con graves problemas de paso en canto chove un pouco, ofrecendo unha imaxe pésima dun itinerario tan promocionado. **MOI GRAVE**.

9- A construción dun parque eólico no monte do Castelo, sito sobre a aldea de Logoso e o Camiño, pon en perigo a actual fisionomía da ruta (firme do camiño) e o ser realizado sen un estudo arqueolóxico previo, as ruínas do castelo medieval de Xallas e de posibles asentamentos prehistóricos. **MOI GRAVE**.

10- Resulta preciso chegar a un acordo coa fábrica de carburos de Ferroatlántica (Hospital) para recompoñer unha senda peonal á beira da súa pechadura, e máis concretamente desde a rotonda ata o desvío do camiño real, mal sinalizada.

11- Na baixada ás Neves vémonos obrigados a trazar un absurdo rodeo, con 500 m. de volta, trala ocupación do Camiño por un particular hai uns 10 anos. Sería convinte chegar a un acordo cos propietarios dos montes da zona para habilitar unha estreita senda peonal entre os lindes, pois así se podería descender á ermida dereito (son 300 m.)

#### Concello de Cee.

12- Merece máxima atención o proxecto de construción dun campo de golf en Cee, pois iría ubicado xunto despois de pasa-la ermida de San Pedro Mártir, nunha zona erma do monte da Armada, afectando directamente ó paso do Camiño antes de chegar ó mar. **MOI GRAVE**.

#### Concello de Corcubión.

13- O paso de Vilar a San Roque, onde se sitúa o albergue de peregrinos, implica o cruzamento da estrada de Cee-Fisterra, moi perigosa por atoparse en costa, con curvas a ámbolos lados, e terceiro carril de aceleración. A ida e volta ó albergue, incluso en horas de tarde-noite, acre-





On the 24th day, in Villa Franca I met up with the German pilgrim again. We talked all evening sharing stories of our experiences. It was through the conversation with him that I realized that I had in fact found my purpose in life: to inspire others to think differently about their lives, to be more loving. The next day we walked up the mountain O'Cebrero, finishing the grueling climb at 7:30 PM. at night in darkness. Little did I know that it would be the following day that I was to experience profound outcome of the discipline of learning self love...

Sue Kenny





# Diario (o así) de un Peregrino Perplejo

24-05-02. Sahagún–Reliegos.

El albergue es una preciosidad. Duermo muy bien: ni siquiera conecto la radio. Los primeros ruidos de la mañana (6 a.m.) me despiertan. A esas horas la única lengua que se oye es el francés. Son unos cagaprisas. A las siete decido sacudirme la modorra y levantarme, momento en que tengo la primera sorpresa del día: antes de ponerme las gafas percibo —o creo percibir— ante mí unas redondeces rosáceas que me parecen... Me pongo las gafas y, sí, eran lo que parecían: los glúteos de dos peregrinas holandesas, ciclistas sesentonas, que, en absoluto silencio, se están dando crema, a culo pajarero, en las ingles, el ano y la vulva. Todo ello a la vista de quienes estamos en su proximidad, sin cortarse ni un pelo (por cierto, el monte de Venus lo llevan completamente rasurado). En fin, buen comienzo. Voy al baño; a la vuelta, la misma escena, pero esta vez es un compañero de las anteriores masajeadose las ingles, testículos, pene, ano... Para no ser menos que ellos, me masajeo... los pies.

[...] Paro a comer en El Burgo Ranero, en el único bar del pueblo. Mientras espero, me dedico a escribir las incidencias de la jornada. Al fondo de la barra del bar, varias personas hablan sobre el camino. Mi innata curiosidad hace que me fije en ellos: parecen ser un peregrino, el cura del pueblo, el hospitalero y un paisano. Me invitan a unirme a su tertulia, lo que hago con sumo agrado. Tras las presentaciones —y creo que el vino de la zona tiene algo que ver—, entre todos ellos desgranar lo que he dado en llamar TAXONOMIA DEL PEREGRINO. Allí va:

- 1.- PEREGRINO El que camina movido por la fé.
- 2.- TURIGRINO El que camina por turismo.
- 3.- DEPORTIGRINO El que camina por sport.
- 4.- CULTIGRINO No albergue, sí hostel u hotel.
- 5.- HIPOCRINO Mangui, jeta, caradura.
- 6.- SEXIGRINO (No hace falta explicación):
- 7.- GASTRONOMINO El que camina sólo pensando en comer.
- 8.- ACICUÉCALO Neologismo aplicado: generalmente referido a peregrinos veteranos: son los que se quejan de que sí, por ejemplo, hay agua caliente, o lavadora, etc., en un albergue, se desvirtúa el sentido de la peregrinación. Según el hospitalero —Bartolo, 8 Compostelas— son los peores de tratar y atender en un albergue.



Pintura de Mariano de Souza (Detalle)

[...] Atención a lo más kafkiano que me ha ocurrido hasta el momento —más que el asunto de los coños pelados de las holandesas—. El cura del pueblo, un tal Jesús Calvo, me regala un poema del camino, y me lo dedica, lo cual agradezco. Observo (Carlos, el peregrino tertuliano acuñador del término ACICUECALO, también) que en el bolígrafo que utiliza el sacerdote para escribir la dedicatoria, figura, bien visible, la efigie de José Antonio Primo de Rivera, fundador de Falange Española. El déri-go nota nuestra sorpresa, o extrañeza —en mi caso estupefacción— y se explaya: él es el capellán de la Falange en León, oficia misas en latín, y sostiene vehementemente que su postura vital es la de defender la tradición, que es —y lo recalca hasta la saciedad— la UNICA VERDAD.

[...] Entre los comentarios de la tertulia figura el hecho, según el cura, de que no existe bendición específica —en el rito latino de la iglesia católica— para el peregrino. Le comento que en Los Arcos hay una misa y una bendición especial para peregrinos, y le enseño la estampa con la misma (pero, claro, no está en latín). No obstante, le interesa para aplicarla en sus oficios. Tratan de hacer una fotocopia, pero el Ayuntamiento está cerrado. Al final, opto por regalársela. Después de todo —pienso— esa estampa la puedo recuperar, pero llevar en la mochila un recuerdo joseantoniano...

[...] El cura define a Carlos como “subjetivista inmanente luterano”, lo cual encanta el apelado, aunque nadie entiende lo quiere decir.

[...] Por fin, puedo comer. El cura, a su parroquia. Carlos (peregrino) y Bartolo (hospitalero) al albergue —el llamado Domenico Laffi, una de las joyas hospitaleras del camino. Yo, por mi parte, continúo...

Julio Mendaza



# As confesións dun peregrino sacerdote

Pasei o mes de xullo de 2004 dando unhas clases en Pamplona e aproveitei os días de descanso para facer algunhas etapas do Camiño francés cuns amigos. Camiñamos dende Saint-Jean-pied-de-Port ata Pamplona. Atopei grupos e peregrinos solitarios que sementaron en min a cobiza de peregrinar ata Santiago. Ademais, o día do Apóstolo de ogano eu cumpría ¡setenta anos! Era un bo regalo de aniversario, peregrinar onda o Patrón...

Un profesor de Madrid, amigo meu, tiña proxecto de peregrinar cun colega e con dous estudantes de enxeñería -eu mesmo son enxeñeiro- e vían con gusto a compañía dun crego. Levarían un coche de apoio pensando nos lesionados; secretamente pensaban 'no velliño don Jorge'. Dende o primeiro día se decataron do innecesario da medida. O velliño don Jorge ten moita montaña feita e non aforrei ningún kilómetro.

Decidimos que eu celebraría a Santa Misa nos pueblos fin de etapa. Tiñamos cinco días de setembro para marchar dende Sarria ata a tumba apostólica. O proxecto estivo a piques de naufragar varias veces (dinme que é habitual: falla algún dos entusiastas primeiros, xurden imprevistos) pero, finalmente, o 21 de setembro comenzamos a nosa peregrinación. A loxística funcionou. Eu chamaba ós párrocos a víspera de cada etapa. En Portomarín, Arzúa e Arca celebrei a Misa do pueblo con asistencia de bastantes peregrinos. En Palas concelebri co párroco e máis outro sacerdote. Nas Misas que celebrei só facía unha pequena homilía con referencias á peregrinación polo que fun pronto identificado por moitos camiñantes. Iso trouxo consecuencias pastorais imprevistas; fun, 'de facto', capellán dun grupo numeroso de rapazas do Centro do Opus Dei, e doutro fato similar de rapaces de Vigo. En cada final de etapa, despois da ducha e de repousar algo, poñía o 'clergyman', iba a igrexa a rezar e a confesar, dende unha hora antes da Misa, que era normalmente ás oito da tarde. A partir do terceiro día tiven que atender confesións tamén despois de acabada a Misa.

O tempo foi soleado de máis, o campo estaba dun verde rabioso, total. Foi un luxo camiñar entre leiras e prados con melancólicas vacas, baixar unha costa, atravesar un regato por unha ponte de pedra, entrar nunha comprida carballeira, saír a unha aldea, subir un monte, outra carballeira, ovellas, unha casa, un cruceiro... As xentes da beira do camiño diciannos que pasaba tanta xente como en xullo. Por milleiros. Caseque non tiñamos que mirar polas frechas amarelas, abondaba con mirar por quen ía diante de ti. Acostumeime ao son continuado dos bordóns, de conteira metálica ou de madeira, toc-toc, toc-toc, sobre o chan.

En Arzúa creceu a moitedume cos que viñan polo Camiño Norte. O ambiente humán só se verifica 'camiñando'. Créase unha verdadeira 'comunión' entre persoas de todo o mundo: os que te adiantan, ¡bo camiño!, os que quedan atrás; se sentas na beira do camiño sob unha árbore ou enriba dunha linde de pedra (ese granito omnipresente en Galicia, duro e cálido), pasa un desfile de rapaces e rapazas, homes e mulleres maduros, en grupo ou solitarios, todos contentos e cercanos. A conversación xurde espontánea entre persoas que viven o mesmo fenómeno espiritual e cultural. En cinco días falei en castelán, galego, catalán, francés, en algo parecido ao inglés, en italiano, e escoitei moito alemán. A xentiña conta con tanta sinxeleza de onde ven ou preguntacho a ti.

Dúas mulleres e un home australianos contáronme que voaron dende Sydney a Lyon (Francia), dende aí a Barcelona e finalmente foron ata León, onde comenzaran a camiñar. Un matrimonio de escoceses non católicos viñan a cotío á igrexa, antes da Misa, para saudarme; atopei varios grupos de americanos. Norma, unha señora Irish-American, contoume tanta cousa dos católicos en USA, dos problemas para a educación dos fillos e netos; ela ía nun grupo que 'adoptou' a un xaponés agnóstico que tiña chegado dende Xapón exclusivamente para 'face-lo Camiño'. Rimos a cachón na escea que ámbolos dous presenciamos. Dúas rapazas, norteamericanas, moi novas, atoparon inesperadamente unha ovella e un año en metade do camiño. Quedaron abrañadas e comenzaron a grabar en vídeo. Dixome Norma: son as irmáns Alice e June, naceron e se criaron en Nova York, ¿sabe vostede o que é New York? (¡¡!!). Probablemente estas rapazas nunca viron tan de perto cabalos, vacas, ovellas... Cando fixen un xesto de despedida para xuntarme co meu grupo, Norma pensou que ía bendicila e santiguouse con gran piedade: *Thank you, Father*.

A chegada ao Monte do Gozo hai que vivila. No curuto hai ese monumento en memoria da visita primeira de Xoan Paulo II. Vin brincar xentiñas de máis de cincuenta anos, cun engaiolamento especial, en diferentes linguas. E logo Santiago, a Catedral a ancher, colas para confesar, o abrazo ao Apóstolo...

No meu grupo rezamos abondo; prediquei algunha vez en medio dun prau. ¿Saben o que boto en falta no Camiño? Que os sacerdotes estean identificables. Se repito o camiño hei de facer o que están a facer algúns cregos novos de Madrid. Camiñar con botas, praieros ou co que sexa, pero levando camisa gris crara coa tiriña branca tipo 'alzacolo' durante o camiño. É incómodo, pero compensa. Se falta a testemuña cristiá no Camiño pérdese o sentido orixinal da peregrinación.

Mario Clavell





# Glosa a noticias jacobeas

Antón Pombo Rodríguez

## UN PASE DE BOTAFUMERO

### Un 'santo' peregrino polaco

Unha historia moi triste, pero a un tempo chea a rebor-  
dar de humanidade, apareceu publicada no boletín  
Caminamos a Santiago 113, da Asociación Zaragozana.  
Falamos do pasamento, no albergue de Jaca, do peregrino  
polaco Karol. Unha infección mal sanada provocoulle unha  
septicemia irreversible, e tras confesar e pedir perdón a  
todos polo que puidera ter feito mal nesta vida, agraceden-  
do ós seus pais a educación cristiá nos tempos do comunis-  
mo, pediu que a Virxe e Santiago o acolleran. Tódolos pere-  
grinos e o hospitaleiro pasaron aquela noite, rezando e dán-  
dolle apoio ata que faleceu. Unha historia do Camiño que  
non sae nos medios, unha historia da verdadeira peregrina-  
ción.

### Guía para peregrinos discapacitados

A empresa Ibermutuamur, co apoio de diversos patrocini-  
adores, publicou en 2004 a Guía del Camino de Santiago  
para personas con discapacidad. O proxecto, elaborado  
polos obradoiros de emprego da mútua, proporciona a  
información específica para as persoas discapacitadas,  
poñendo o acento na accesibilidade de tramos, albergues e  
negocios de hostelería. A súa maquetación resulta moi  
atractiva visualmente e prestará un gran servizo a este  
colectivo. Agora soamente toca que na oficina de peregrina-  
ción traten de xeito diverso ó que é diferente.

### Concello de Astorga

O concello da capital maragata na que se cruzan tantos  
camiños históricos -entre eles o Francés e a Vía da Prata-,  
presentou este ano unha serie de folletos, moi xacobeos,  
con información de peto pensada para os peregrinos. Unha  
destas iniciativas foi a de editar, en formato de folleto en  
acordeón, tódalas etapas da Vía da Prata tomadas da Guía  
de El País-Aguilar. Que unha goberno municipal pense  
tanto nos peregrinos non é algo frecuente: noraboa.

### Xustas medievais

Agora que está de moda, polo Camiño de Santiago e  
por todas partes, o teatriño das feiras, festas e representa-  
cións medievais de todo tipo, paga a pena deterse nunha  
iniciativa, promovida polo concello de Hospital de Órbigo,  
perfectamente xustificada coa historia. Aludimos ás Xustas  
Medievais 'Passo Honroso de Suero de Quiñones', declara-

JUSTAS  
MEDIEVALES  
Passo Honroso de  
Suero de Quiñones  
Fiestas declaradas de interés turístico regional  
www.hospitaldeorbigo.com/justas  
7-8 JUNIO 2003  
HOSPITAL de ÓRBIGO  
LEÓN

das de interese turístico rexional e celebradas cada ano a  
primeira fin de semana de Xuño. Se ben cada ano son  
introducidas lixeiras variacións, sempre é programada unha  
misa medieval, un mercado, representacións e actuacións,  
un concerto de sinos e, como grande remate de festa, as  
Xustas do Passo Honroso co torneo dos cabaleiros. É unha  
cita á convén asistir cando menos unha vez.





### A Vía da Prata renace

Os intereses que se mesturan neste itinerario histórico de longo percorrido, que como é sabido comunica Sevilla e Gijón, son múltiples, pero o peso da súa impronta xacobeas está a gañar enteros. Sen ánimo de esquecer a ningún, temos que lo-lo traballo desenvolvido desde os anos 80 polos amigos de Navarra con Andrés Muñoz Garde ó fronte, pola zamorana Fundación Ramos de Castro, polas asociacións Galega e de Ourense polo que respecta ós tramos galegos e, nos últimos anos, pola Asociación de Sevilla, verdadeiro motor deste renacemento e autora dunha excelente guía práctica. No eido das administracións leva a palma a Comunidade Extremeña co seu proxecto Alba Plata, que se ben non é un plan estritamente xacobeo (valórase a recuperación da vía romana como un itinerario cultural), si está a prestar un grande servizo ós peregrinos desde os seus centros de información, interpretación e acollida (albergues de pago). Os extremeños souperon contaxia-lo seu entusiasmo a Castela-León, Asturias e Andalucía con certas iniciativas conxuntas no terreo da divulgación e maila sinalización. Na primeira das comunidades citadas hai con-

cellos volcados co tema, por exemplo o de Salamanca (este mesmo verán foi balizado con cunchas o percorrido urbano), e pobos como Fuenterrubles de Salvatierra, donde un párroco se está a converter, polo seu meritorio labor no terreo da acollida, no Elías Valiña desta ruta. A Vía da Prata, e as súas diversas variantes a partir de Zamora, aparecen cheas de futuro, e polas súas condicións, en tantos aspectos similares ás do Camiño Francés de antano (paisaxe natural e agraria, zonas non excesivamente poboadas nin urbanizadas, monumentalidade das súas vilas e cidades, hostelería sen malear, etc) está a ser chamada a converterse nunha vía de refuxio para os rebotados da masificación.

### Bem polo Brazil...

Brasil, o Brasil de Paolo Coelho, Sergio Reis, Acacio da Paz, tantas asociacións xacobeas e o Caminho do Sol, está a padecer unha crise económica que provocou o descenso de peregrinos daquel gran país no Camiño. Con todo, o entusiasmo non decae, e este mesmo ano tivémo-la oportunidade de recibir un grupo organizado que completou o Camiño Portugués para chegar logo a Fisterra. Por outra parte, os brasileiros axiña van contar cun albergue 'nacional' en Veiga de Valcarce, á entrada da Galiza e nunha área do Bierzo na que aínda se fala galego. Tamén o mercado editorial, como se poderá comprobar na sección de crítica bibliográfica, permanece moi activo. E para rematar temos que engadi-la forza das webs brasileiras, entre as que se contan algunhas das mellores sobre a peregrinación. Entre elas cabe sinalar [www.caminhodesantiago.com](http://www.caminhodesantiago.com), que en tres idiomas presenta ata 19.000 arquivos diferentes, en máis de 6.000 páxinas, coa colaboración de máis de cen persoas.

## NIN FU, NIN F A

### Gran Loxia de España

Pois resulta que a Grande Loxia de España ten convocado o I Premio Estatal de Investigación Histórica sobre o Camiño de Santiago, cun gorentoso premio de 6.000 euros. Entre outras ideas, todas elas moi próximas ás premisas da casa, suxeríase a posibilidade de presentar estudos sobre o Camiño como vía iniciática, a iconografía e simbolismo da arquitectura e escultura, gliptografía, corporacións medievais de canteiros, ou a ruta como vía de tolerancia. Parécenos moi ben, pois cando menos algún investigador poderá compensa-lo queime das pestanas diante do ordeador, pero non acabamos de entender moi ben este interese da masonería polo Camiño (¿será por captar subvencións?).

### Roland Fischer

A esta luminaria de fotógrafo non se lle ocorreu mellor cousa que compoñer unha orla composta polos retratos de 1.050 peregrinos de toda raza, idade e condición. Os individuos posan todos, en estilo fotomatón, frontalmente. A orla mide seis metros e os individuos foron retratados no obradoiro durante a Semana Santa. Pois moi ben, os artistas a crear e o público a tragar.



Placa sinalando o paso da Vía da Prata no pobo zamorano de Barcial del Barco. Fotografía: A. Pombo



### AS PEORES NOTICIAS

#### Fundación La Caixa

A Caixa primeiro nos envía un doce, un folleto sobre os remedios caseiros do Camiño en base ó aproveitamento das plantas existentes polo campo (eu de vos, forasteiros, non ousaría probar), e logo fai negocio ofrecéndonos, de acordo coa S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, unha Tarxeta Visa Xacobeo con mochila de regalo. Os banqueiros non teñen remedio... Por certo, unha das suxerencias coas plantas é que coloquemos un Cardo corredor no bordón, pois é un amuleto que protexe de rozaduras ou bochas nos pés. Imos de cráneo.

#### Boicot á meseta Burgos-León

Segundo parece, os voluntarios Estrellas del Camino non conseguiron o milagre de reconduci-las ovellas, dispersadas a partir de Burgos, polas sendas de Castrojeria, Terra de Campos, Páramo e Ribeira do Esla. Como é sabido, en parte por mor dunha rumoloxía negativa que ten pasado a guías como a de El País-Aguilar, a deserción destas etapas se está a converter nun mal crónico que, malia as campañas realizadas pola Junta de Castela-León ou o Foro Xacobeo, non acaba de ser conxurada. Se cadra habería que establecer medidas disuasorias, por exemplo que teñan preferencia nos albergues, e moi especialmente nos de León, os que realicen o Camiño completo.

#### Xacobolos e Estrelas estreladas

E xa que falamos das luminarias de Castela-León, lembremos tamén ós Xacobolos, que pasaron sen pena nin gloria, para maior idem. dos brillantes conselleiros que tiveron a idea de competir, unha vez máis, coas asociacións xacobeas, pois non hai recunho donde a administración non queira mete-la gazoupa para saír na foto. Pasa o ano santo coma a auga do río, e parece que a iniciativa se vai o caixón: parece ser que os medios xa non están tan interesados polo Camiño e non van tirar fotos. Entre tanto, caladiños, os hospitaleiros voluntarios dos nosos colectivos seguen a traballar polo Camiño sen necesidade de tantos flashes.

#### Peregrinos por Gracia-Camiño que ten meta

Dous lemas dun ano santo promovidos desde o Arcebispo de Compostela. Dous lemas que non son de balde, pois agachan toda unha filosofía de resistencia. Pero con gracia ou sen ela, os peregrinos suman nas estadísticas cando convén. En canto á meta, rebordada e turistizada, cada día se presenta como un lugar menos axeitado para conectar cos peregrinos e, menos aínda, para provocar nos descarreirados calquera tipo de conversión. E ben é sabido que en lugar de predicar polos que ficaron sempre co pai, no ceo hai moita máis ledicia polo retorno do fillo pródigo (¿a quen lle importa hoxe un can o fillo pródigo?). Agardamos que cos cartiños do Premio Príncipe de Asturias da Concordia, que se levaron os representantes da Igrexa deixando coma pasmarocos ós representantes das asociacións, se faga algo por elaborar dunha vez por todas unha pastoral operativa destinada ós peregrinos ou mellora-lo albergue, por certo moi irregular polo que atingue ás licencias (aludimos ás municipais), do Seminario Menor. Sería

triste que os fondos deste galardón acabaran sendo desviados cara ás campañas anti-gubernamentais dirixidas polos sectores máis carundas do clero carpetovetónico.

### PEREGRINOS POR GRACIA



#### O cemento que chega

Autovía Santiago-Lugo. O 22 de febreiro deu comezo o estudio informativo. Serán 89 qm. e 314 millóns de euros. Por máis que o lóxico sería empatar coa Autovía do Noroeste en Guitiriz seguindo a traza da estrada de Oviedo, á fin optouse, todo por política, pola proposta sur, que circulará ó sur de Arzúa e Melide, pasando en moitos lugares en paralelo ó Camiño Francés e procedendo a cruzalo en tres puntos (un deles sobre San Xulián do Camiño).

#### Autovía Lugo-Ourense

O 21 de maio foi aprobada a redacción do proxecto, cun custe inicial de 226 millóns de euros para 69 km. Cruzará o Camiño Francés na zona de Hospital da Cruz-Vendas de Narón.

E non temos noticias de que a Xunta presentara alegacións para aminorar-lo impacto ambiental dos tramos afectados co recurso, moi caro para tan pouca cousa, de crear falsos túneles ou grandes pantallas vexetais. Adeus, por sempre, adeus, que diría Rosalía, ó Camiño Francés, que a hora da verdade vales tanto, verbas que se leva o vento, como a palla na eira.

O epitafio podería dicir así: Camiño Francés, Ben de Interese Cultural, Primeiro Itinerario Cultural Europeo, Patrimonio da Humanidade, Premio da Concordia..., finou desde o día en que os políticos comezaron a preocuparse por el. RIP.



# DESGLASAS JACOBAS

J. A. de la Riera

**Malas, pésimas lenguas, hablan y no paran** del singular local que comparte espacio y naturaleza con nuestro albergue de Corcubión. Dicen que un albergue de peregrinos que se precie no debe compartir tales vecindades, que es malo para la salud moral de los peregrinos. ¡ Qué sabrán esos tontos del haba ¡Desconocen absolutamente la historia y el Camino. La historia y el Camino nos hablan de la presencia continua de peripatéticas junto a los peregrinos (¡Ah del Camino, Aymeric!) y, por otra parte, no está nada mal semejante prueba en los confines del Finisterrae. Además, las singulares habitantes del puticlub en cuestión han dado muestras en todo momento de una singular y bien avenida cohabitación en los espacios comunes (léase “campo da feria”) con que la naturaleza, en su infinita sabiduría, ha dotado aquellos parajes. Únicamente se ha dado el caso de un peregrino alemán, tan sumamente agradecido a la cena ofrecida por la hospitalera, que saltó a tan agraciado local en plena noche para volver con una caja de botellas de champagne amén de otra de Anís del Mono de regalo. Cuentan y no paran, además, de la buena disposición del dueño, que sale del local para dirigir al buen Camino a los peregrinos despistados. Camino de Santiago, Camino de Europa, ejemplo de “cohabitación” .

**Y hablando del albergue, menudo ejemplo dieron algunos “políticos”** en el pleno en que se resolvió la concesión a la Agacs de la gestión del mismo por veinte años. El tema salió adelante por un pelo, con seis votos a favor de los independientes, cuatro en contra de los bloqueiros y uno más en contra, de propina, de la señoritiña del PP. Una decisión que suponíamos de consenso salió delante de milagro. Y todo por “política”, o sea, por tocar escandalosamente las partes pudendas del gobierno municipal como badajo de campana. El señor Rafael Mouzo, portavoz “do Bloque”, salió diciendo que el local debería ser para el pueblo. Y que el albergue debía de ser gestionado por el Concello. Se le contestó que el mencionado Concello no tenía un “can” para destinar un empleado al albergue. Y se le dijo también que ya se había puesto la mitad de la planta baja a disposición del pueblo soberano. Entonces tuvo la ocurrencia, o la humorada, de añadir que él había pensado en dejarle “a os vecinos” toda la planta baja. Interrogado a cerca de dónde había visto un albergue de peregrinos sin zonas comunes se sumió en hondas meditaciones. Señor Rafael Mouzo, ex alcalde de Corcubión: ¿no es cierto que durante su mandato ofreció repetidas veces a esta asociación la gestión de un albergue? ¿Qué pasa, que ahora que es usted “oposición” ha perdido la memoria? Tenga la bondad, arrójese usted al mar con un flotador de pato. ¡ Merluzo ¡ Y, para la señoritiña del PP que alegó “desconocer” a esta proba y beatífica asociación: es usted una borrica hermana, y además no hace sus deberes: ¿o desconoce usted quien organizó el primer y único congreso que hubo en su comarca, con cerca de quinientos participantes? ¿Desconoce usted también las afamadas fisterradas en las que ha participado tantas veces su Concello? ¿Y, desconoce usted también a los peregrinos que pasan todos los días por su pueblo gracias, entre otras cosas, a las flechas amarillas, guías y desvelos de esa asociación que usted dice desconocer? Al agua también, con el morro pintado de amarillo. ¡Politicastros¡



**Lo venimos avisando, pero no hay nada que hacer** . Otra vez hubo “tangana” en la apertura de la Puerta Santa. Ya en el cierre de la Puerta Santa el Año Santo 1999 se armó la que se armó, con mamporros y sopapos aplicados en los peregrinos con todo esmero y aplicación. Y es que venimos diciendo que tales ceremonias no son para nosotros, que los peregrinos somos los últimos monos. Y anunciamos, a toda la gente que en plenas navidades caminaba con ilusión para la apertura de tan singular portón, que se iba a repetir la historia. No se nos hizo caso, a los peregrinos como siempre los colocaron los últimos o los ignoraron y las consecuencias fueron porrazos con los guardias y un peregrino aragonés detenido (durmió en las mazmorras compostelanas el día de fin de año) Mirad hermanos, esas ceremonias son para políticos, abrigos de pieles, “persoeiros xacobeos” y clero en general, pero no para peregrinos. A ver, repetid cien veces: ¡ No iré a hacer el memo al cierre de la Puerta Santa en diciembre ¡ Bueno, ya cumplimos, nadie nos hará caso, ahora a esperar el siguiente zafarrancho. Al tiempo.

**La confusión ha proliferado este Año Santo.** Entre los primeros en sembrarla están las instituciones y administraciones varias, ya se dice en otro lado. Y luego está el tema de los albergues, con una polémica que no cesa. Cada vez proliferan más los albergues privados y de pago, no estamos en contra de ellos, es hostelería, ellos sabrán. Pero no estaría mal que cumplieran las leyes que todo el mundo que tenga un negocio hostelero debe cumplir en toda la Celtiberia y que se dijera muy clarito cuanto cobran y que es lo que ofrecen. Cuando se cobra un solo euro por alojamiento, uno se arriesga a que le exijan, en el singular “donde pago, cago” que rige este país. Y, por otra parte, las asociaciones con albergues subvencionados, que se dejen de la historieta del “donativo mensurado”, y que reflejen claramente la entrada del albergue la subvención que reciben y, si quieren cobrar, que lo digan claro pero que se dejen de historias. ¿Exigir y tasar un donativo? Que vuelva Fray Gerundio, él lo explicaría perfectamente.


**También ha proliferado lo mejor del cutrerieo “do país”** . Al grito irredento de ¡ei carballeiraaaa!, ha habido de todo y para todos. La palma de la cutrez (y de la impudicia) se la lleva la gasolinera de Portomarín. Recibimos denuncias (y hemos comprobado) que a los bicigrinos les cobran 0,80 euros por dar aire a las sufridas ruedas en tan singular establecimiento. Si alguien protesta (que han protestado todos) el dueño extiende el índice hacia el pantano y aúlla con particular entusiasmo: ¡ide a tomar polo cú, pioxosos!

**Interesantísimos son también los akelarres que se celebran todas la noches en Gonzar** , con los peregrinos distribuidos entre el albergue y una cuadra donde les cobrar cinco euros. De ahí se les manda al único bar de la aldea, relacionado también con el dueño de la singular cuadra. También se reciben denuncias continuas de contubernios con albergues privados en cierta villa de cuyo nombre, de momento, no queremos acordarnos, por parte precisamente de quienes debían velar por la atención de los albergues públicos, que para eso les pagan. Son hechos puntuales pero llamativos, y precisamente por respeto a los sufridos hospitaleros gallegos, los garbanzos negros deben ser puestos de patitas en la calle, hay mucha gente honrada esperando por un puesto de trabajo. Por cierto, los tan denostados hospitaleros de los albergues “de la Xunta” deberían recibir un homenaje este año, si no fuera por ellos habría habido verdaderas revoluciones en más de un pueblo. Y, también por cierto, que les suban el sueldo, cutres, que sois unos cutres.

**Y no por ser Año Santo han cesado los atentados a los Caminos** . Lo que ocurre es que la moda hasta ahora era cerrar con alambrada o valla y tirar la llave (v.g. A Picarña en el Camiño Portugués y Monte Aro en la Prolongación a Fisterra y Muxía) Pero, con desmesurado afán de superación, la afición se esmera y ya no repara en medios. Así es que “alguien”, en As Galanas, Concello de Teo, Camiño Portugués, tuvo la singular ocurrencia de no andarse por las ramas, izar los mojones con una grúa, “plantarlos” de nuevo donde le pareció oportuno y cambiar el trazado a su particular entender. Armado el correspondiente y habitual “pifostio”, resultó que todo obedecía a intereses descaradamente inmobiliarios y, Dios sea loado, la Xunta montó en cólera, cumplió con su obligación, reparó el desaguizado y ha levantado un expediente. Les pedimos a ustedes, nuestros señores de la Consellería de Cultura de la Xunta de Galicia, un favor: repartan estopa de una vez por todas, basta de burlas con el Camino de Santiago, basta de atentados al patrimonio y basta de caciques de “corredoira” .



# Crítica Bibliográfica



## La Peregrinación de un juglar

Autor: Ramón Viso Pérez

Editorial: Deputación de Ourense. Ourense. 1999

Posiblemente, segundo teño escoitado, Ramón Viso fose un bon profesor de Letras e mesmo de Química, pero... a poesía non é o seu.

Dende Ostabad a Finisterre recrea líricamente os lugares máis emblemáticos do Camiño. Fai tamén incursións na Vía da Prata.

Salvo contadas excepcións, a meirande parte dos poemas carecen de ritmo e se limitan a unhas descripcións "rimadas" cando non ripiosas, cheas verdadeiramente de sentimento e emoción, pero tamén con un léxico que en ocasións fai que o sublime roce o ridículo. Mesmo algunhos versos caen temáticamente no tópico e formalmente no prosaísmo. Unha pequena mostra: En tropel y a la carrera/ se lanzan casi volando/ los sufridos peregrinos/ por llegar hasta un picacho,/ que llaman Monte del Gozo. Se isto é poesía...

Constantino Chao Mata

## El Legado del obispo nigromante

Autor: Arturo Franco Taboada


Editorial Arenas. A Coruña. 2002

Novela ambientada en la Compostela y la Italia del siglo XVI, y cuyo título sugiere más de lo que luego ofrece. El protagonista, don Alonso, es un arquitecto apasionado por las novedades del momento sin desdeñar lo clásico. En Santiago colabora con los constructores de la catedral y sobre todo en la localización, identificación y nueva ocultación de los sagrados restos ante la amenaza inglesa. La base del "descubrimiento" es un "legado" del obispo Muñiz, con fama de brujo en su época.

El relato está dotado de un ágil ritmo narrativo y gran fuerza descriptiva. Los altos en el tiempo nos sugieren una técnica muy cinematográfica. Cabe destacar el retrato de la fuerte personalidad del obispo Muñiz a pesar de algunos grotescos contrastes.

Algunas historias, como la riña de la taberna o el romance del protagonista con doña María están fuera de lugar; da la impresión de que el autor no ha sabido encajar las piezas.

En ocasiones la prolijidad de las explicaciones sobre arquitectura son demasiado farragosas. No se consigue crear la deseable intriga e interés elevado en el lector.



Constantino Chao Mata



### Terapia

Autor: David Lodge

Editorial: Anagrama. Barcelona. 2001, 406 págs.

Nos encontramos ante una muestra del mejor humor inglés, en la línea de Chesterton y Durrell.

Lawrence Pasmore, guionista de una exitosa serie de televisión se ve obligado a intentar diversos tipos de terapia para hacer frente a las molestias producidas por dolores en una rodilla. A partir de aquí se nos da cuenta en primera persona y con una finísima ironía de toda una serie de tratamientos de medicina alternativa a los que se somete y que no consiguen curarle. Incluso recurre a la lectura de obras filosóficas, nada menos que de Kierkegaard. Su trabajo y su vida familiar se van resintiendo hasta hacerle caer en una aguda crisis. Son múltiples las referencias al tema erótico y sexual, pero sin caer nunca en la procacidad ni el mal gusto.

La tercera parte es especialmente brillante desde el punto de vista literario. El autor echa mano de un falso multiperspectivismo (distintas versiones de un mismo suceso), con lo que al mismo tiempo homenaja y satiriza a la novela estructural.

El tema del Camino de Santiago aparece cuando el lector menos se lo espera, en la última parte del relato, con un cierto aire de guía turística o libro de historia al principio, que enseguida se abandona para caer de lleno en un entusiasmo apenas disimulado. Aunque Lawrence no acude al Camino por interés propio, sino buscando a otra persona,

en él encontrará el remedio a sus males físicos y psíquicos.

La narración es amena y muy divertida, no hace brotar la carcajada, sino risas y sonrisas abiertas y relajantes.

En resumen, "Terapia" constituye en sí misma una auténtica terapia contra el pesimismo y la depresión

Constantino Chao Mata

### De Madrid a Compostela. Relato de una peregrinación

Autor: Adrián Herrero Casla.

Portada e ilustraciones: Mariano de Souza.

Consejería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio.

Comunidad de Madrid-Asociación de Amigos de los Caminos de Santiago de Madrid.

172 págs. + plano (17x24 cm.) 169 ilustraciones.

Este libro, editado en este año Xacobeo, constituye una magnífica ocasión para dar a conocer el Camino de Santiago desde Madrid por pueblos y ciudades hoy no muy conocidos del interior de Segovia.

Esta ciudad, curiosamente fue testigo de excepción de un acuerdo firmado en el Medievo que concedía a los peregrinos protección y ayuda. La villa de Coca, guarda también vestigios claros del paso de los peregrinos por estas tierras segovianas. Yo mismo he visto en el suelo de la iglesia de esta muy histórica villa, una gran Cruz de Santiago, dedicada al Sr. de Coca. Y no muy lejos de allí se alza un antiguo edificio en cuya fachada hay un cartel que reza: Hospital de peregrinos, ahora en desuso.

El libro, maravillosamente escrito por Adrián Herrero Casla, describe con la máxima credibilidad los avatares de cuatro peregrinos con una muy larga experiencia andariega.

El prólogo de José Antonio Ortiz expresa en uno de sus párrafos: "Los relatos de peregrinos que una vez de vuelta a casa deciden dejar constancia de su experiencia para que nos sirva a otros". Así es, pero este hermoso trabajo es además el fruto de un esfuerzo por recuperar un trazado que hoy por hoy representará un regalo para experimentados peregrinos y para muchos otros que hagan el Camino de Santiago, "Vía Salmonis", a contra corriente. De Compostela a Madrid.

Gran parte del trazado lo conozco bien, y mi esposa es de uno de los pueblos por los que pasa este Camino. Se trata de la Nava de la Asunción (Segovia). En dicha población se encuentra un monumento peculiar: "El Caño del Obispo", como allí le llaman. Y según la tradición el soltero o soltera que beban de él se casarán, cosa que a mi me ocurrió.

Este libro es en verdad una "Delikatessen". Contiene 168 ilustraciones realizadas por mí, a la tinta y plumacotada. Una recopilación simbólica de infinidad de signos de la caminería santiagoista y rostros, manos, puertas y paisajes en pequeño homenaje a la magia y mística del Camino a Compostela. Sus páginas, de un precioso color hueso, le confieren una estética clásica intemporal.

Es grato presentar ante un grupo de peregrinos este volumen tan exquisitamente editado por la Comunidad de Madrid y con los sabios consejos del presidente de la Asociación de Amigos de los Caminos de Santiago, José Antonio Ortiz.

Mariano de Souza





# Bibliografía brasileira de tema xacobeo. A biblioteca de Clinete

A xentil Clinete Lacativa, gañadora do segundo premio do noso Concurso de fotografía de ogano (vexan a páxina correspondente neste mesmo número), mándame dende Río de Janeiro, a relación de títulos de tema xacobeo que ela posúe ou coñece.

Pensa que hai non menos de noventa títulos, dos que ela ten noticia de setenta e tres títulos, e dos que posúe cincuenta. Son moitos libros en relación co que se produce en España, ¿non lles parece? E moi recentes: cincuenta e tres deles foron editados a partires do ano 2000. E a cuarta parte escritos por mulleres.

Fago aquí un comentario bibliográfico de títulos. Non coñezo máis que tres dos libros reseñados. Eu calificaría esta reseña que estou a escribir de "semiolóxica": qué suxiren os títulos, qué significado ten ese significante que é o título dun libro. ¿De acordo? Pois logo comencemos.

Percibo un dominio de libro testimonial. Ise é o apartado máis longo. Caseque nin unha guía no senso ordinario do xénero: unha, me parece que popular, de Maqui, e outra da peregrinación en bici, e unha máis referida ao Camiño Portugués.

Dentro do libro testimonial distingo entre aqueles libros que inclúen expresión das habituais vivencias/experiencias, de aqueles que –sempre a partir do título– suxiren unha espiritualidade máis alta ou son explicitamente relixiosos, libros, hei de dicilo, especialmente gratos para min. E deixo un espacio para o libro esotérico.

## I. Diarios:

Un homem en movemento, Roberto Cunha.

Nas trilhas de Compostela, Juan Carlos Leal de Almeida. Prologuei este libro do meu amigo, excusen ese dato non pedido.

Uma peregrinação ao campo das estrelas, Sérgio Reis. Coñecín a Sérgio no ano 1992, canda a súa peregrinación; o seu libro, reeditado dende 1997, é moi ben valorado polos brasileiros que o leron.

## II. Vivencias no Camiño:

A grandeza do nada. As experiencias de uma peregrina, Socorro Viana.

Um executivo no Caminho. Da razão ao coração, Herbert Steinberg.

Meu caminho no caminho, Baby do Brasil.

## III. Espiritualidade no Camiño:

Perdin o meu roteiro, encontrei meu caminho, Paulo Bastos.

Lições de um caminho, Rosângela Funk.

Exercícios espirituais e o Caminho de Santiago: contemplações para alcançar o amor, M<sup>a</sup> Emilia Voss.

O Caminho de Alba. Descubrindo Deus em Santiago de Compostela, Dalva Storch.

O cavaleiro e a Rosa. Viagem ao encontro da Fé, Jbsué Casimiro de Oliveira.

## IV. Esoterismo:

Diário de um mago, Paulo Coelho, ¡126 edicións!


O poder de domar do Grande: as revelações inéditas de uma discípula do mago Paulo Coelho.


Quatro rotas para conhecer a magia de Santiago de Compostela, Cadmo Gomes, edit. Nova Era (sinalo o nome da editorial, marca New Age, indicio de esoterismo).

A magia do Caminho Real, Anna Sharp (¿é axeitado incluir, a pesar do título, o libro da case iniciadora Sharp?).

Mencionei quince títulos do listado de setenta e tres. ¿Ten algún valor esa escolma de títulos? Indicativo. Os máis deses libros non mencionados, pódense agrupar arredor dos citados. Conclúo como empecei: máis libros de contido xacobeo publicados en Brasil que os que se escriben en España. Interessante cantidade de textos producidos por mulleres. Pouco eoterismo, en aparencia, aínda que cómpre salientar a pervivencia do bodrio 'coelho' a xulgar polas centenarias reedicións.

Engado tres libros o título os títulos dos cales me engaiolan: Em terra, pisando estrelas e vilas, Magda von Brisen; Brancas, vermelhas e amarelas, romance da alma, , Bet Olival; Em busca das ceceixas: nas trilhas de Santiago de Compostela, Rosaly Senra.





### DÚAS NOVAS EDICIÓNS DO CODEX... NO MESMO DÍA

#### Codex Calixtinus, libro I,

Liber Ediciones, Pamplona, 2004

#### Liber Sancti Iacobi "Codex Calixtinus"


trad. ao castelán de A. Moraleja, C. Torres e Julio Feo,

ed. Revisada po J. J. Moralejo e M<sup>a</sup> J. García Blanco. Xunta de Galicia, 2004.

O Profesor Díaz y Díaz fala dun movemento 'caseque excesivo' do fenómeno xacobeo: aumenta o número de peregrinos, o número de albergues, de visitantes extranxeiros, de hospitaleiros, de guías, de contentos e de descontentos... O día 17 de setembro de 2004 foi unha boa proba do aserto: dúas edicións do Liber Sancti Iacobi presentadas no mesmo día. Pola mañá, no Padre Sarmiento, foi presentado o último dos cinco libros do Liber, que ven editando a libro por ano, dende hai cinco, Liber Ediciones, de Pamplona. E, por certo, rematan co libro primeiro. Edición superreducida, 275 exemplares, iluminados un a un en gouache e acuarela por unha familia francesa de artesáns, Baitera (¿?). Os debuxos son de Celedonio Perellón, de liña realista e tratamento inxenuista. A edición mereceu loubanza do esixente doctor Díaz y Díaz: "trátase dun traballo de divulgación digno e respetuoso co texto". O libro é bonito -debe selo, nós só vimos a reprodución- aínda que cun tipo de letra pouco elegante.

Pola houbo máis. O Profesor Moraleja Álvarez presentaba a versión revisada da tradución que seu pai, Abelardo, xunto con Torres e Feo, fixera do Liber en 1951, reimpresa en 1992 e 1998. Xustificou de varios xeitos a 'limpeza' dunha tradución válida en conxunto: corrección de erratas, revisión de notas, actualización bibliográfica. O resultado é un libro leedeiro polo tipo e corpo de letra escollido; a cambio, un volume pesado de máis, con interliñado e marxes excesivos. En calquera caso, estamos de noraboa. O Liber Sancti Iacobi- ou Codex Calixtinus, ven sendo o mesmo- é libro de cabeceira -así o calificou Díaz y Díaz- doutros libros de cabeceira e, máis ou menos, tódolos xacobeos témolo considerado, 'libro dos libros' que a el se refi ren.

Mario Clavell



#### Camino de Santiago. Calle Mayor de Europa.

Autores: Angel Luís Barreda, M<sup>a</sup> Carmen Arribas, Araceli Barreda.

SOTUR-Junta de Castilla y León.

Burgos, 2003.224 páxs.

Estamos ante unha guía práctica de carácter enciclopédico, ategada de informacións que non se limitan á descripción máis ou menos detallada das etapas, senón que introducen tamén apartados de interese para os peregrinos, así os consellos prácticos, quilométrico, unha escolma bibliográfica e cartografía elemental. Á experiencia dos autores converte o que podería se-la típica guía das administracións, fría e burocrática, para cumprir coas necesidades promocionais dun organismo público no ano santo, nun dos mellores manuais que se levan publicados nos últimos tempos sobre o Camiño Francés e, desde logo, o máis práctico e atractivo sobre as etapas da comunidade autónoma de Castela-León.

Por se co libro descrito non chegara, no mesmo paquete é entregado, nun formato de peto pero con extensión considerable (111 páxs.+follas de notas+cartografía), unha **Guía del Peregrino** exhaustiva en canto ós datos prácticos de visitas, albergues, áreas de lecer, aloxamento, restaurantes e oficinas de información.

A calidade dos textos e a atractiva presentación non deixan de ser, emporiso, unha forte competencia para as editoriais comerciais, que como é sabido, do mesmo xeito cós negocios regularizados de hostelería, deben paga-los seus impostos e correr cuns gastos.

Antón Pombo



#### A Santiago por Asturias. Los primeros caminos a Santiago de Compostela.

Autor: Chema Vega.

Sociedad Regional de Turismo del Principado de Asturias.

Asturias, 2003.

Asturias parece ter despertado este ano santo para volver a tomarse os seus Camiños en serio. Confirmando esta impresión, no eido da divulgación turística recibimos un folleto extenso, de moderno deseño (portada en branco cuncha cuncha dourada central das que decoran o chan en Oviedo), que polo seu número de páxinas merece ser considerado xa como libro. En esencia non se trata dunha guía para os peregrinos, senón nunha compilación ben presentada dos recursos turísticos existentes nos pobos e concellos a través tanto pola ruta costeira coma pola de Oviedo, a conexión entre ambas, e a procedente de León e Arbás.

Pensado, pois, máis para turistas en automóbil propio que para peregrinos, ofrece unha breve introducción xustificando a importancia dos camiños do Norte e de Asturias no mundo da peregrinación xacobeá, facendo unha presentación da lectura dos sinais existentes, describindo todas e cada unha das etapas dos diversos camiños (as distancias si son para peregrinos) e engadindo ó final un listado de albergues. O resultado é máis que correcto, e encaixa bastante ben no que cabe agardar dunha administración encargada da promoción turística, que non debe ser precisamente a dunha fábrica de topoguías.





### El Camino Portugués a Santiago. De Ponte de Lima a Santiago de Compostela.



Autor: José Manuel Garrido Rivero.  
Ed. Emilia Otero-Ruralia.Vigo, 2004. 214 páxs.

Guía práctica de curto percorrido, pero referencial e moi coidada de principio a fin. Ten os problemas de todos os que se baten, sen experiencia previa, en primeira liña de fogo. De feito, ate agora non existía ningunha guía para os peregrinos neste segmento, polo que aqueles que desexaban face-lo itinerario debían recorrer ós folletos editados pola AGACS, Amigos dos Pazos ou as asociacións lusas, ós menos prácticos da Xunta de Galicia e, no segmento contrario, ós libros, en xeral verdadeiros tochos, que falaban do Camiño Portugués a un nivel máis indicado para quen desexara documentarse antes da viaxe ou facer un traballo para o instituto.

Manuel Garrido, socio da AGACS e con traballo na S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, foise namorando, paseniño e tras moitas saídas, desta ruta. A elo contribúe a súa residencia en Padrón, vila eminentemente xacobeo pero, por desgracia, pouco implicada na empresa. Despois de recoller numerosos datos e percorrer varias veces cada etapa deseñou unha estrutura clásica que, se ben adoce dunha infografía máis detallada e profesional para o deseño dos mapas das etapas e os altimétricos, pretende satisfacer o apetito do peregrino en diversos eidos: limiar histórico dos lugares de paso, visitas recomendadas dos núcleos urbanos con plantas de orientación e listados moi claros, descripción do propio camiño subliñando os principais elementos existentes na propia ruta ou no contorno inmediato, axenda de albergues, hoteis, aloxamentos de turismo rural, lugares recomendados para almorzar e comer con crítica extensa (do mellor da guía), servicios públicos e de festas e feiras.

Se cadra, a excesiva información práctica, desde taxis e farmacias a caixeiros automáticos e salas de exposicións, fan envellec-la guía máis rápido do que sería desexable, sendo como é lóxico pensar que os peregrinos adoitan preguntar e moverse con certa flexibilidade. Por outra parte, cremos que falta por defini-lo perfil do peregrino estandar, axeitando á información á súa demanda (por exemplo, non ten moito sentido recomendar pazos de turismo rural situados a 10 qm. da ruta, en listados interminables, ou restaurantes de postín). Deste xeito, a guía que pretende ser práctica para os peregrinos, adopta un ton máis apropiado para sendeiristas de fin de semana ou, incluso, turistas culturais motorizados.

Antón Pombo



### Caminho Portugués. Porto Santiago.

Autor: João Gomes de Abreu de Lima.  
Associação dos Amigos do Caminho Português de Santiago.  
Ponte de Lima, 2004. 84 páxs. Encadernación en gauflex.

A guía dos nosos amigos de Ponte de Lima, fautores da recuperación do itinerario luso de peregrinación entre Porto e a vila miñota na que teñen a súa sede, non esquece incluírnos entre os agradecementos, cunha sentida lembranza ó noso inesquecido secretario Alfredo Jeremias Sampedro.

Se no caso da obra de Manuel Garrido estabamos diante dun traballo ambivalente, que tanto podía ser útil para un peregrino convencional como para un turista, a asociación xacobeo miñota escolle a vía da ultrapracticidade, empregando para elo un criterio moi próximo ó que planteamos desde a AGACS nos nosos despregables sobre os camiños galegos.

Despois dun breve limiar, cos textos en portugués traducidos ó inglés, de contado se pasa á describi-las xornadas de peregrinación ou etapas, estruturadas a base dun breve texto descriptivo e varias follas con cartografía. Os mapas, moi profesionais e acompañados de pequenas fotos, ofrecen o inconvinte da escala, que como xa demostrou Elías Valiña no seu día, non permiten amplia-las áreas máis confusas, nin reduci-las diáfanas. Nas páxinas finais engade unha serie de consellos para peregrinar e un listado de teléfonos útiles, fuxindo de calquera adubío propio do turismo.

Antón Pombo



### Los Caminos de Santiago en Bizkaia.

Autora: Begoña Molero.

Amigos de los Caminos de Santiago de Bizkaia.

Bilbao, 2000, 2ª ed. 50 páxs.

Por seguirmos cos materiais divulgativos dos diversos camiños xacobeos, detémonos hoxe no folleto que nos envían os nosos colegas de Bizkaia. A guía, un tanto clásica e sosa no seu deseño e maquetación inclúe un texto lineal e descriptivo, acompañado por numerosas fotografías a color e unha brevísima bibliografía de apoio. Botamos en falla, non obstante os moitos guiños xacobeos (monumentos, sinais, iconografía de Santiago, etc), a información práctica e, por máis que sexa elemental, a inclusión duns esquemas ou cartografía orientativa. A publicación foi financiada pola Xunta de Galicia e, desde logo, é unha digna carta de presentación para os amigos de Bizkaia.

### As peregrinacións xacobeas

Autor: Francisco Fernández del Riego


TresCtres editores. Santa Comba, 2003.

As peregrinacións vistas por un galerista.

Chéganos agora unha nova edición dun libro que o galeguista Francisco Fernández del Riego, memoria viva da Xeración Nós, dera ao prelo hai xa vinte anos. A nova versión ven adobiada con fotos de Xurxo Lobato e un moi breve limiar de Manuel Díaz y Díaz, pois di que autor e tema non precisa de palabras introductorias. E coincide este libro nos andeis das librarías con outro seu de memorias e que titulou *Camiño andado*.

A relación do galeguismo histórico co fenómeno das peregrinacións é un tema aínda non estudado en profundidade e que merecería un pouco máis de atención (podemos recomendar aquí o achegamento que fai Silvia Gaspar). Por unha banda está a pouco agradable figura do Santiago matorros coa súa espada sanguenta e *relembro de tráxicas fazañas*, por dicilo en verso de Ramón Cabanillas. Mais tamén está o agromar do fenómeno xacobeo ao tempo que verdea o país e "acendéronse lumieiras de arte" nese momento da historia que se chama Idade Media. O medre do culto xacobeo vai parello á consolidación de Compostela como centro importante e, isto, sería usado polos galeguistas coa idea de fortalecer politicamente a cidade central do país e, en consecuencia, ao propio país e, aí, precisaban do peso simbólico de Santiago e non é unha casualidade que o Día de Galiza, instituído polas xentes de Nós, sexa o día da festividade do Apóstolo.

Para os galeguistas o Camiño falaba dunhas relacións culturais e históricas con Europa, que eles querían traer ao presente, pois o país que tiñan en mente tiña que estar enlazado coa vella Europa, unión que se facía a través da metáfora umbilical do Camiño. Se o Camiño uniu aos pobos baixo o cristianismo fronte ao inimigo, agora tamén pode unir sobre a diversidade.





E como di o noso autor as peregrinacións marcaron na historia de Galiza un acento de universalidade e permitiu mirar a Europa “con acento de seu”. O Camiño valeulle aos galeguistas para reivindicar un ecumenismo no que nós tiñamos que ter unha presenza recoñecida, algo que hoxe temos que pedir tamén en tempos péparos, e para permanecer unidos ás correntes vivificadoras que viñan do continente. E non debemos esquecer os desvelos das xentes do Seminario de Estudos Galegos por traducir o *Códice Calixtino*, angueira que quedou trucada pola Guerra Civil a da que despois outros tiraron o proveito.

O libro de del Riego é unha introducción, que o propio autor chama “breve volume vulgarizador”, ao fenómeno xacobeo desde a perspectiva dun galeguista. Está feito cunha prosa sinxela e didáctica ao tempo que rica, propia de alguén que ama ao idioma que mamou. Fálanos da lenda, do nacemento da cidade que gosta chamar mellor Compostela, do camiño, das súas infraestructuras e das súas etapas, da figura do peregrino, dos testemuños deixados por estes, das artes, da literatura e das influencias que viñeron polo camiño. No seu traxeco o peregrino desviábase, por Doncos, ata Lugo para venerar na súa catedral ao Santísimo; tamén se desviaba ata Samos, ata Sobrado ou mesmo en Santiago ata San Lourenzo.

M. Vilar

#### **El Camino de Santiago.**


Autora: Concepción Masía.

Albor Libros.Madrid, 2004. 157 páxs.


Ás veces cabe preguntarse cal será o motivo de que unha editorial descoñecida se gaste os cartos en poñer en circulación un libro, de pasta dura, gran formato e papel satinado, con moitas fotos e un texto sumamente pobre e redundante, que absolutamente nada aporta, no cargadísimo panorama bibliográfico xacobeo, ó xa existente. Tal é o caso dun libro, sumamente anodino e mal escrito, cheo de tópicos e plantexado cun estilo pasado de moda, como aqueles libros de turismo cultural que Everest editaba entre os anos 60 e 70.

A fórmula para causa-lo tedio no lector é doada: se poñen uns beliscos de historia do apóstolo e da peregrinación, catro pingas sobre os camiños históricos, outras sobre Aimerico Ricard e o Calixtino, cen gramos de lendas, e un vasiño de arte, e xa estamos preparados para inicia-lo Camiño Francés en Jaca ou St. Jean-Pied-de-Port (¡que orixinal!). A seguir descripción lineal de monumentos con incursións de datos históricos ata chegar a Santiago, e dúas páxinas para falar da ruta a Fisterra a través de Noia. Todo elo con copieteo puro e duro e sen unha soa cita bibliográfica por ningures.

Capítulo final: ‘El peregrino en la actualidad’. Aquí, aproximadamente nun folio, o discurso comeza deste xeito: ‘*Cuando en nuestro mundo ya no existen las distancias, cuando ya no hay territorios vírgenes que hollar, cuando la religión y la espiritualidad de los pueblos ha pasado a un segundo plano, sorprende conocer que, año tras año, es mayor el número de peregrinos que se acercan a la tumba del Santo siguiendo las antiguas rutas medievales*’. Animo ós nosos lectores a que descubran os cinco erros que se agachan nas seis negacións ou afirmacións recollidas pola autora.



Antón Pombo



**El Camino de Santiago para todo tipo de viajeros. Guía Práctica.**

Autores: Ana Vara, David Santiago, Pepo Paz Saz.

Revista De Viajes

Madrid, 2004. 66 páxs.

Cando caen as pedras da Porta Santa, algunhas editoriais do sector turístico vense na obriga de cumprir co ciclo e ofrecer ós seus lectores algunha publicación, por elemental que sexa, para saír do paso. Son obriñas sen ningún tipo de pretensión, como din algúns, de cortar e pegar aquí e alo, mantas de retallos que perden díos polas catro esquinas e están destinadas a servir de cobertor de motos vellas ou mobles. Pois ben, a revista De Viajes, coa subvención da Xunta de Galicia, elaborou este ano un destes productos oportunistas estruturado do seguinte modo: 'El Camino en 10 días', 'Las mejores etapas', 'Enclaves naturales', 'El recorrido de pueblo en pueblo', 'Sus joyas monumentales'. Como se pode comprobar, saco de aquí, de folletería turística convencional, e poño aló. Vexámo-lo resultado.

Para comezar, propaganda en dúas páxinas de augardentes Rúavieja, bebida recomendable para que os peregrinos, como o que aparece na foto, en vez de bater no santo dos Croques o fagan no Sansón, ou o que sexa, na base frontal do Pórtico. Segundo se comenta no 'publi-reportaxe', este oruxo permite ter máis 'arroxo e valentía, facendo máis lixeiro e menos penoso o camiño...aliado contra o desazo, as inclemencias do tempo e mailo padecemento físico' (¡toma xa con dopaxe, que tamén valería para os que conducen!).

Algunhas lindezas: Os ciclistas adoitan percorrer entre 60 e 75 qm. por día (?). Que non tes tempo para face-lo camiño, ningún problema, podes facelo en moto ou coche en 10 días (é o mesmo que a pé, claro, sobre todo coa axuda da caña anunciada antes). Pero ademais, soamente algunhas etapas pagan a pena, así as dúas pirenaicas, a de Belorado a S. Juan de Ortega, Tardajos-Castrojeriz, Castrojeriz-Frómista, Rabanal-Ponferrada, A Veiga-O Cebreiro, Sarriá (con acento á catalana)-Portomarín e Arzúa-Monte do Gozo; a elección non pode ser máis aleatoria e sorpresiva, con supresión de tódalas grandes cidades. Entre as xoias do Camiño escolma de monumentos: Pórtico da Gloria, S. Juan de la Peña (que non está no Camiño), Eunate, Pte. la Reina, Nájera, Frómista, Villasirga, S. Antón de Castrojeriz, ponte de Hospital de Órbigo, Santa María do Cebreiro e S. Antolín de Toques (tampouco pasa por aquí o Camiño); de novo aleatorio e caprichoso, e fuxindo das cidades, que quedan reservadas para outro apartado titulado de grandes monumentos (¿acaso non o era o Pórtico da Gloria ou Frómista?) no que figura, en pleno Camiño Francés, Sobrado dos Monxes. Por seguirmos cos despropósitos, entre as 10 localidades máis fermosas do Camiño se inclúen Palas de Rei, Melide e Arzúa. E que dicir dos espazos naturais, moitos deles afastados da ruta.

Verdadeiro despropósito e tomadura de pelo para os que a subvencionaron.

Antón Pombo

# Revistas

Antón Pombo

## Compostelle nº 6

Desde hai varios anos estamos a recibila revista de estudos xacobeos editada polo *Centre d'Études Compostellanes*, dependente da *Société Française des Amis de Saint Jacques de Compostelle*. No seu formato, moi atractivo e coíidado, segue o modelo da publicación homónima do Centro de Estudios Composteláns de Perugia. Baixo a dirección de Adeline Rucquoi, que adiou o antigo boletín do mesmo nome, aportándolle un carácter netamente científico, saíu en 2004 á luz ó número 6. Nel é doado ler un artigo, de Carlos Barquero, sobre a presenza dos hospitalarios nos reinos de Castela e León e no Camiño Francés durante o século XII, e outro, moi extenso e documentado como sempre é habitual no noso amigo Humbert Jacomet, que amplía as perspectivas sobre as peregrinacións marítimas, con partida dos portos franceses, na Baixa Idade Media e no Renacemento. Completan este número sendos traballos sobre o culto a Santiago en Roma, asunto do que fixeremos unha modesta aportación en *Peregrino*, e a presenza de templos e capelas coa mesma advocación na Bretaña.



A revista presta tamén atención ós congresos de medievalistas ou de temática xacobeas, e fai amplas recensións de libros e revistas vinculadas dalgún xeito coa peregrinación. Nesta oportunidade abren a lista as nosas Actas do *V Congreso Internacional de Asociacions Xacobeas* (1999), con crítica de Philippe Josseland.

Cómpre dá-la noraboa á directora de *Compostelle*, e ó seu comité de redacción, por manter tan alto o nivel dunha publicación como esta. E como experiencias similares se están a desenvolver hai anos en Italia e Alemania, ¿non será hora de preguntarse que pasa aquí, en España, para que teñamos dunha vez unha revista do mesmo xénero? É certo que están *Compostellanum* e *Iacobvs*, pero ningunha das dúas é unha revista eminentemente xacobeas. Haberá que seguir agardando...

A. Pombo



## Estrata nº 5

Sen periodicidade fixa, pero co engado das cousas elaboradas artesanalmente e con cariño, Luis Miguel Toribio Aguado ven publicando, desde hai varios anos, unha revista inicialmente de caminería e temas xacobeos feita por un inqueda grupo de amigos. Naceu a publicación na tertulia, celebrada entre Astigarraga, Irún e Hondarribia, da que forman parte unha especie de círculo cultural independente composto por Javier e Íñigo Migliaccio, J.C. Echeveste, J. del Valle, Mikel Etxaniz, Elio Mendoza, Aitor Puche e F. Larrea. Pouco a pouco, ademais da revista conseguiron presentar tamén unha páxina en internet á que entrar a través do dominio [www.estrata.info](http://www.estrata.info).

Os temas da revista responden á configuración non especializada dos que nela escriben habitualmente, sendo frecuente a inclusión de colaboradores convidados. O último número, da primavera de 2004, é un bo exemplo desta mestizaxe, pois nel conviven traballos sobre fisoloxía e metafísica, signos zodiacais, unha análise da película 'Río Rojo', hospitais deperegrinos da costa de guipuzkoa, o estudio dunha igrexa románica rioxana, coplas amorosas do século XVI, sistemas de medidas, arqueoloxía, o pensamento de Simone Weil..., todo elo en 86 páxinas cunha edición moi cuidada en fotocopias sobre papel amarelo especial.

Longa vida a Estrata e á tertulia na que, é de supoñer, todos falades de todo o escrito e amplia-des, nun mundo tan obsesionado pola especialización, coñecementos humanísticos de todo tipo.



## Grial, 161

Esta revista galega de cultura, no seu número do primeiro trimestre de 2004, ofrece unha selección de artigos, a meirande deles encargados a profesores da Universidade de Santiago, englobados baixo o título 'A Invención de Santiago'. O director da publicación, Victor F. Freixanes, reflexiona sobre a consrucción do mito e o milagre da súa pervivencia. Sucédense logo varios traballos de Ramón Villares ('A segunda invención de Santiago'), Manuel C. Díaz y Díaz ('Xacobe en Compostela: primeiros testemuños literarios'), José M<sup>a</sup> Díaz Fernández ('O sartego de Santiago. Entre a relixiosidade popular e a ciencia histórica'), Xosé Luís Barreiro Rivas ('O Camiño de Europa. Unha análise politolóxica do fenómeno xacobeo'), Ofelia Rey Castelao ('Os diñeiros do Apóstolo. O financiamento do culto xacobeo') e Henrique Monteagudo ('O Camiño, as linguas e a emerxencia do galego'). Son ensaios dignos dunha lectura pausada que nos permita descubrir novas perspectivas sobre a peregrinación e as súas luces e sombras históricas.



### Revistas comerciais dedicadas ó Camiño en 2004.

*Varias revistas, das que amosamos algunhas portadas, se teñen ocupado este Ano Santo do Camiño de Santiago e maila peregrinación con desigual sorte.*

## Grandes Espacios

No número 88 (Abril), parece encarreira-las súas reportaxes, que ocupan máis da metade da revista, a aspectos humanos e de actualidade. Resulta impactante a foto da portada, un tanto ñoña a selección de supostas curiosidades ou lendas (Sergio Prieto) e, en xeral, tódolas referencias de historia extraídas con xiringa doutros libros. Máis propio desta publicación é o plan suxerido para prepararse fisicamente, que de seguilo ó pé da letra deixaría ós futuros peregrinos, que en xeral non son atletas, tan cansos que xa non terían forzas para peregrinar. En función dos datos obtidos da revista Peregrino, preséntase un panorama de tódolos itinerarios sinalizados en España, e incluso os que están pendentes de sinalizar. Completan o número unha entrevista con Juanjo Alonso ou 'Pedales', que publicou este ano un novo libro, e nada menos que ¡100 consellos para peregrinos!





## Conde Nast Traveler

Dedicou un monográfico (nº 27), coa calidade que é habitual nunha publicación sempre ben documentada, poñendo o acento na faceta turística.

## España Desconocida

Publica no número 99 un rixido seguemento do Camiño Francés de provincia en provincia, con información orientada para os turistas e non para os peregrinos por máis que se citen algúns albergues. Muy regular.



## Geo



Cun número especial e monográfico titulado Xacobeo 2004, proclama na portada que todos os camiños conducen a Compostela. Escriben Jesús Torbado, José Varela, Cristobal Ramírez, María R. Gómez, Javier Rico e outros, presentando excelentes fotografías e compoñendo un exemplar digno de ser gardado e consultado, con calidade literaria e o mellor estilo da divulgación de viaxes con calidade.

## Turismo y Aventura

No seu nº 114, xullo-agosto de 2004), tamén realizou un especial 'Camino de Santiago' cunha portada entre conservadora (fachada do Obradoiro) e folclórica (bastón de tenda de souvenirs con vieira e cabaza). Do máis interesante, os consellos médicos e as fichas de tódalas etapas do Camiño Francés elaboradas en directo por David Santiago García con moitas fotos de peregrinos.



## Altaïr

No seu 'Cuaderno de Viajes, 7', optou no seu extenso número especial (127 páxs. dedicadas ó Camiño) pola miscelánea de 12 artigos sobre os temas máis diversos: das peregrinacións no mundo, elaborado por Agustín Pániker, á crónica do Apocalipsis plasmada nos Beatos, das diversas rutas xacboeas á viaxe pola arquitectura medieval (Marta Llorente), das Metáforas Sagradas elaboradas por un antropólogo como Manuel Mandianes ós amuletos do peregrino, todo elo para rematar cunha guía práctica na que tamén se recomentan libros e guías de tódolos camiños de Santiago en España (quen moito abarca...).






# Os Libros que Atopei no meu Faiado

## **Caminos y sendas**

Autor: Manuel Martínez Alfonso

Publicaciones Claustro. Valencia. 1953

Precio: 15 pts.



Resulta mui agradable leer un relato dunha peregrinación no que o autor non fale dos seus problemas físicos nin faga edulcorados comentarios sobre a súa aventura e sobre todo non nos “acoele” (“acoechar”: relativo a Paulo Coelho) con ese misticismo propio “da terceira planta do Corte Inglés”.

Manuel Martínez, sen pó nin palla, describe paisaxes e xentes dunha España increíblemente próxima na memoria e lonxana na historia; un país que máis por sorte que por desgracia, xa non existe. Fai evocacións literarias ante todo o que ve; evocacións que comenzan coa novela picaresca e de vagabundaxe, pois o peregrino é tamén un vagabundo.

Non segue a ruta tradicional; parte de Valencia e chega a Santiago despois de pasar por Cuenca, Madrid, Segovia, Zamora e Sanabria.

Como ocorre sempre nos relatos de viaxes por España anteriores á restauración democrática, non falta o episodio alusivo ó encontro coa parella da Garda Civil, como dí o autor: “agradable y desagradable a un tiempo”.

Estáme a dar a impresión de que no que respecta á calidade literaria e valores humanos nos relatos de peregrinos, sí que calquera tempo pasado foi millor.

Constantino Chao Mata



# Destelos do Ano Santo

## Redacción

### UNS VAREAN A ÁRBORE, OUTROS

#### RECOLLEN AS NOCES.

De xeito telegráfico imos presentar e comentar algunhas das noticias que máis nos chamaron a atención neste Ano Santo que está a piques de rematar. Son soamente destelos dun período intenso, ateigado de sucesos xacobeos, que en certo modo definen o carácter dun Xacobeo que, co seu aparello mediático, está a aniquila-la tradición dos anos de perdonanza. A miscelánea, por suposto, é plenamente subxectiva e se fixo a partir dos recortes de prensa, seleccionados ó longo de 2004, de *El Correo Gallego*, *Galicia Hoxe* e *La Voz de Galicia*.

#### Xaneiro

-Unha vez máis, sen moito éxito, asociacións e veciños solicitaron a reapertura, durante o tempo de Xubileo, da Porta Santa da igrexa de Santa María das Areas. AS PRESIÓNS DA CURIA SON IRRESISTIBLES.

-A Consellería de Medio Ambiente reforzará a paisaxe das rutas xacobeas de Galicia coa plantación de 300.000 árbores autóctonas. ¿IMAXINAN VOSTEDES, NO REINO DE CACICOLANDIA, DONDE FORON A PARAR ESTAS ÁRBORES?

-Os concellos galegos propoñen cobrar ós peregrinos polo uso dos albergues. PERO NON HAI BOCA QUE NON SE CALE CON DIÑEIRO.

#### Febreiro

-S.A.R. o Príncipe de Asturias, a Ministra de Cultura e os presidentes das CC.AA. do Norte de España inaguran 'oficialmente' o Ano Santo en Roncesvalles e Jaca. O CAMIÑO XA O INAGURARA ALFONSO O CASTO, E O ANO SANTO 2004 D. JULIÁN BARRIO BARRIO, PERO A ESPAÑA OFICIAL VAI POR LIBRE E REDUCE Ó ANO EN 40 DÍAS.

-A Xunta de Galicia, dentro do programa Xacovol, instala catro centros informáticos para peregrinos, todos de balde, no Cebreiro, Portomarín, O Pino e Compostela. MÁIS COMPETENCIA DESLEAL PARA COA SUFRIDA INICIATIVA PRIVADA, QUE TERÁ QUE EMIGRAR A CANARIAS SE QUERE FACER NEGOCIO (AQUÍ, COMO EN CUBA, TODO É PÚBLICO E GRATUÍTO).

#### Marzo

-O Botafumeiro funciona a diario desde principios de marzo. O CABIDO CEDE ÁS PRESIÓNS QUE ESTÁN A CONVERTERLA CATEDRAL NUN ESPECTÁCULO.

-Ronaldinho, cando gravaba un anuncio no adro elevado do Obradoiro, rompe dun balonazo, cando facía unha chilena, unha cristaleira da catedral. SE CHEGA A SER OUTRO MÉTENO NA CADEA.

-Na catedral de Santiago é inagurada, cun fondo inicial de 3.000 volumes, a primeira biblioteca especializada no Camiño de Santiago. POR FIN UNHA BOA NOTICIA, PERO CÓMPRE MATIZAR QUE NON É A PRIMEIRA, POIS ANTES XA ESTABA A DE CARRIÓN.

-Alcaldes e asociacións do Camiño Inglés promoven o itinerario entre Ferrol e Compostela. TERUEL TAMÉN EXISTE, E SORIA..., E O CAMIÑO INGLÉS.

-Propietarios de negocios de hostelería de O Pbio, Biduedo, Paradela e O Pino pintan frechas amarelas para desviar-los peregrinos cara ós seus dominios. NADA NOVO BAIXO O SOL, POIS XA O ADVERTÍA AIMERICO PICAUD.

#### Abril

-O Cabido desata unha polémica ó pretender erradicar-los que considera 'ritos profanos' practicados na catedral, e máis concretamente os realizados no parteluz do Pórtico da Gloria e co Santo dos Croques. MÁIS PAPISTAS CÓ PAPA, OS SRES. CAPITULARES PRETENDEN SUPRIMIR TODO O QUE NON TEÑA SENTIDO LITÚRXCICO NA CATEDRAL, POIS ADIANTE, ¿POR QUE NON A QUEIMA DA FACHADA MUDEXAR, E A APERTA Ó APÓSTOLO OU O BOTAFUMEIRO ENTENDIDO COMO ESPECTÁCULO DE PAGO?. ACABEN CON TÓDOLOS RITOS VEREMOS O QUE QUEDA DA RELIXIÓN.

-O Grande Irmán do Camiño, producido por Globomedia para a ETB, chega a Galicia. Co apoio da Xunta de Galicia, que cedeu as súas instalacións para a rodaxe, no Cebreiro fixeron un concurso con desfrace de bombeiros. AQUÍ COINCIDIMOS O ARCEBISPADO E OS AMIGOS DO CAMIÑO NUNHA MESMA CRÍTICA CONTRA A BANALIZACIÓN DO CAMIÑO E CONTRA A IDEA DE ACEPTAR UNHA PROMOCIÓN POR CALQUERA MEDIO.





-Abertas ó público, en grupos guiados, as cubertas da catedral. AGORA SOAMENTE FALTA RECUPERA-LA CRUZ DOS FARRAPOS.

-En pleno Ano Santo, tres dos camiños de peregrinos se atopan en obras na cidade de Santiago provocando un caos: San Lázaro, a avenida do Sar (camiño ourensán) e Poza de Bar (saída a Fisterra). ¿ALGUÉN CHEGOU A CRER QUE A COMPOSTELA LLE IMPORTAN ALGO OS PEREGRINOS?

## Maio

-De estrea a película *O Camiño de Santiago, A Orixe*, dirixida por Jorge Algora segundo guión de Fernando Sánchez Dragó. O GURÚ DO AZNARISMO CULTURAL, POR CHAMALO DALGÚN XEITO, SEGUE COA SÚA TEIMA DE GÁRGORIS E HABIDIS, OU SEXA, TEMPLE, MESTRES CONSTRUCTORES, MISTÉRIOS INICIÁTICOS E PRISCILIANO A TUTIPLÉ.

-Nova polémica, nada no seo do Cabido compostelán, pola tentativa de retirar a imaxe do Matamouros. Os fieis enchen de flores e proclamas con bandeiras españolas a imaxe de Gambino, que será substituída pola do Santiago Peregrino do mesmo autor. A ESPAÑA ETERNA REACCIONA CON VIRULENCIA E ACUSA ÓS COENGOS DE DEBILIDADE PERANTE AS AMEAZAS DE BIN LADEN, OS HISTORIADORES E NOSTÁLXICOS ALUDEN ÁS MOITAS IMAXES DO MATA-MOUROS EXISTENTES EN MONUMENTOS, RETÁBULOS, ETC., PERO NINGUÉN PARECE REPARAR NO FEITO DE QUE A IMAXE, CO APÓSTOLO DEGOLANDO CO MANDOBLE ÓS MOUROS, É A ÚNICA Á QUE SE PREGA E COLOCAN VELAS. O ASUNTO POLITÍZASE E OS DISCREPANTES DO PROPIO CABIDO, CO APOIO DA REACCIÓN, FREAN O TRASLADO.

-A catedral reabre ó público a Porta dos Abades. UNHA NOVA SAÍDA PARA A RATOEIRA EN QUE SE CONVERTE A CATEDRAL, MUTADA EN SAMBÓDROMO DO TURISMO PESETEIRO POLAR XIROLAS, CADA VEZ MÁIS DÍAS Ó ANO.

## Xuño

-A filla do emperador supremo, Jenna Bush, peregrina a Santiago. A NOTICIA SERÍA QUE VIÑERA O SEU PAI, POLO MESMO MOTIVO E DO MESMO XEITO QUE GUILLERMO DÉCIMO DE AQUITANIA,...O RESTO DA HISTORIA XA É BEN COÑECIDA.

-A catedral recupera a sillería de coro manierista, no seu día depositada no mosteiro de Santa María de Sobrado, co padroado de Caixa Galicia. Os técnicos detectan o pésimo

estado de conservación da obra. ALBRICIAS, POIS LEVABAMOS ANOS CLAMANDO POR QUE TAL SE FIXERA SEN QUE NINGUÉN NOS ESCOITARA; AGORA, ENDE MAL, OS ESTRAGOS XA ERAN MOITO MAIORES QUE HAI 10 ANOS, CANDO DEMOS A VOZ DE ALARMA.

-O Camiño é galardoado polo Consello de Europa como 'Grande Itinerario Cultural Europeo'. MÁIS DENOMINACIÓNS, MÁIS PREMIOS, PARA QUE O PODER APAREZA GABÁNDOSE NOS TELEORNAIS.

## Xullo-Agosto

-Miles de xóves cristiáns ateigan seis dos camiños galegos para converxer en Compostela, partindo da Coruña, Tui, Ribadeo, Sarria, Ourense e Muxía. DIFERENCIÁBANSE, BASICAMENTE, DOS PEREGRINOS ORDINARIOS EN QUE SE MOVÍAN SEMPRE POR ESTRADAS E ÍAN CANTANDO. AOS PROCEDENTES DE FISTERRA, A DIFERENCIA DO QUE SE FAI COAS XENTES DO COMÚN, TAMÉN LLES DERON A COMPOSTELA. A BO SEGURO VAN PROVOCAR UNHA INFLACIÓN QUE DETURPARÁ NOTABLEMENTE AS ESTADÍSTICAS XAIMISTAS DESTE ANO.

## Setembro

-Unha peregrina italiana, enferma terminal de cancro, satisface o seu desexo de morrer, como Don Gaiferos, ó pé do Apóstolo. PARA NÓS É O RELATO MÁIS ENTRAÑABLE E FERMO DESTE ANO SANTO, E COMO DICÍA *EL CORREO GALLEGO* NA SÚA RESEÑA, FAI NACER UNHA NOVA LENDA NO CAMIÑO.

## Outubro

-A Xunta de Galicia inaugura un novo albergue, de verdadeiro luxo segundo o proxecto de Celestino García Braña, en Lalín. LALÍN, MALIA A PERDA RELATIVA DE PROTAGONISMO DO SEU GRANDE VALEDOR CUIÑA, SEGUE A SER UN DOS BASTIÓNS IRRENUNCIABLES DO GOBERNO GALEGO. PERO COIDADADO, AMIGOS PEREGRINOS DE VIVIR COMO MARQUESÉS SEN UNHA CADELA, POIS A S.A. DE XESTIÓN SE ESTÁ PLANTEXANDO A POSIBILIDADE, CADA DÍA MÁIS PRÓXIMA, DE COBRAR UNHA CUOTA SIMBÓLICA DE 3 EUROS PARA O MANTENIMENTO DE TANTA ARQUITECTURA DE VANGARDA. OS TEMPOS PODE QUE, SILANDEIRAMENTE, ESTEAN CAMBIANDO.

-O arcebispo de Santiago e mailo bispo de Oviedo recollen en Oviedo o premio que a Fundación Príncipe de Asturias concedera, no apartado da Concordia, ó Camiño de Santiago. UNS VAREAN A ÁRBORE, OUTROS RECOLLEN AS NOCES.



# Dúas Novas Portas

Antón Pombo

## A NOVA PORTA SANTA

Enténdase que falamos das follas en bronce da porta, que foron inauguradas co ano Santo e son obra do xove escultor compostelán Suso León. Tras amplia-los seus estudos en Italia, o artista executou as pezas, no seu propio obradoiro e á maneira dun Ghiberti ou un Rodín, polo sistema da cera perdida. Cada unha das dúas portas, cun peso de 350 kg., mide 2,60 m. de alto por 1,40 de largo, presentando esceas con alto-relevos, en ámbalas caras, para seren vistas desde fóra e dentro. Na parte externa figura Cristo Resucitado, que recibe ós peregrinos convidándoos a pasar baixo a inscrición do Apocalipse IESVUS CHRISTVS HERI ET HODIE IPSE ET IN SAECULA, e a carón dos seus títulos evanxélicos (LUX MUNDI, VITAE, VIAE, PORTA), emprazados baixo os seus pés, onde se atopa un Santiago orante de xeonllos, e sobre unha serie de santos (S. Francisco, S. Domingo, Sta. Bríxida, Sta. Isabel de Portugal) e dous Papas (Xoán XXIII, Xoán Paulo II), todos eles peregrinos. Tampouco faltan nestas planchas os emblemas santiaguistas máis clásicos: estrelas, cruces e vieiras. As da cara interna recollen episodios da Vida e Lenda de Santiago nesta orde: a chamada de Xesús ós fillos do Zebedeo, a Misión apostólica, Predicación en Hispania, Martirio en Xerusalén, Traslación na barca e Inventio do seu corpo por Teodomiro. O plantexamento iconográfico foi deseñado polo coengo Alejandro Barral.

Patrocinou a obra, desde logo moi afortunada no fondo e na forma, a Cámara de Comercio de Santiago, acadando un custe de 126.000 euros. O estilo ecléctico da composición, que bebe en portas célebres (algunhas delas tamén santas) coñecidas en Italia, Francia ou Alemania, combina a necesaria figuración, elo por máis que hoxe xa case ninguén se fixe en nada nin sexa capaz de comprende-los rexistros e símbolos, con certas licencias máis impresionistas e ata abstractas. O formato, porén, zumega clasicismo (dúas follas divididas en tres rexistros, etc). Por poñerlle algún pero, bótase de menos algunha alusión ó pobo dos fieis e peregrinos que visitaron a basílica en todo tempo (así acontece na iconografía medieval das basílicas), pois é ben sabido que entre os ordeados, ás veces, se pensa que estos non son Igrexa. Por fortuna, o Mestre Mateo e xa nos colocou a todos na Gloria, e os santeiros barrocos a moitos frades, bispos e Papas comparando as lapas noutras ánimas penantes no purgatorio (¿sería hoxe, nunha época tal intolerante e sen retranca, esto posible?).

Suso parece terse especializado en satisface-los encargos da Igrexa galega, pois xa con anterioridade fixera outros grandes fundidos de bronce para Praterías (*O Camiño das Estrelas*) e mailo templo coruñés de S. Jorge. Como é sabido, a colocación destas novas follas de bronce na Porta Santa fan preludiar unha desaparición do rito do derrubo dos cascallos.



Apertura da Porta Santa.  
Fotografía: Conchi Paz (Tomada da Revista *O Adro*, páx. 5)



# Dúas Novas Portas

## PORTA ITINERIS SANCTI IACOBI

O escultor Cándido Pazos acaba de crear, en xullo deste ano, un novo monumento dedicado á peregrinación. Trátase dunha porta colosal, de cinco andares de altura, que pretende acolle-los romeiros que se achegan a Compostela pola maraña viaria que precede á cidade. Superada a rotonda que marca o inicio de San Lázaro elévase a porta sostida por dúas columnas de formigón, unha delas cadrada e provista de cinco niveis de esculturas bronceas en cada cara (en total 20), e outra circular. O dintel superior atópase formado por unha grande lámina de bronce.

Ante o monumento varias lecturas son posibles: a da porta aberta parece simbolizar un itinerario europeo accesible a todos, e tamén a benvinda dunha cidade que ten a súa razón de ser, quen o diría hoxe, na peregrinaxe; a figuración representa unha galería de persoeiros, logo explicaremos cales, de diversas época, nacionalidades e condición, insistindo no discurso da universalidade e proxección secular do culto xacobeo; a propia idea de arco triunfal, evidente por situarse sobre unha vía peatonal, enlaza coas propostas plásticas e urbanísticas da antigüidade, pero agora, rexeitando o belicismo daqueles arcos, en son de paz e acollida; por fin, como moi ben expresou o arcebispo no intre da inauguración, esta grande escultura semella ser un anticipo da Porta Santa (a mala prensa diría unha porta santa civil)

Estéticamente conxuga a modernidade do deseño arquitectónico cun certo conservadurismo na parte escultórica, e xa non digamos polo que atingue á iconografía. Por máis que se fale, día tras día, de que o Camiño de Santiago está aberto a todos, a selección das personaxes representadas resulta excesivamente clerical e aristocrática, e xa que logo redundante en tópicos historiográficos e trasnoitada. Por outra parte, a elección concreta de certos individuos parece claramente intencionada e instrumental. Dos 20 representados soamente hai tres mulleres. Incidindo na idea dun camiño clerical, nada menos que 11 son homes do clero (dous papas, seis bispos, dous santos e un crego), ós que sumar outras dúas raíñas santas. En canto ó estamento aristocrático, tampouco anda mal representado: un rei, as dúas raíñas citadas e tres nobres cabaleiros. Para os escritores e artistas dous



Conxunto da porta. Fotografía: Antón Pombo



postos: un pintor e un escritor. E o posto restante para os anónimos romeiros do pobo que faleceron durante a travesía (un caso verdadeiramente curioso, por aparecer rexistrado no libro de asento do hospital de Betanzos).

Se nos detemos a analiza-las épocas, a contemporaneidade (séculos XIX e XX) é un canto ás glorias do catolicismo, pois soamente entran nel Miguel Payá e Rico, arcebispo compostelán que redescubriu os restos do apóstolo en 1879; Fernando Quiroga Palacios, arcebispo compostelán que promoveu as peregrinacións durante a ditadura franquista; Xoán Paulo II, peregrino a compostela en dúas ocasións; e ¡San José María Escrivá de Balaguer!, que polo visto peregrinou por vez primeira a Compostela en plena Guerra Civil e viaxou á cidade, non como peregrino, noutras seis ocasións.

Estamos pois ante un monumento, sufragado polo Xacobeo, que baixo a aparencia dun rancio historicismo icónico polo miúdo plantexa graves reparos na visión unidireccional, e escasamente rigurosa coa historia, que pretende transmitir. En primeiro lugar porque o discurso aristocrático de reis, nobres, santos, bispos e clero detentando o protagonismo social xa pertence a outra época. Pero tamén porque a inclusión dun santo recente sen aparente vínculo co mundo xacobeo, por máis que a súa obra máis coñecida se titule *Camino*,

resulta totalmente inédita na historiografía xacobeo na que parece sustentarse o armazón teórico. E a maiores porque a ausencia total do pobo, a non se-la testemuñal dunha peregrina suíza co seu fillo falecida no século XVIII, resulta provocadora. En suma porque o plantexamento global, por anacrónico, resulta máis propio das glorias pátrias decimonónicas e das galerías de ilustres, e todo elo, por suposto, co castelán como lingua veicular. Todo elo nos sitúa diante dun novo resabio, e sorprende como ten pasado desapercibido entre a crítica, dun nacional-catolicismo que non se decatara, nin se resigna a recoñecer que, por fortuna, xa pasou a súa época por máis que algúns nostáxicos non queiran decatarse.



Detalle. Fotografía: Antón Pombo



# Albergue San Roque

## Albergue San Roque

### Albergue San Roque

Ata novembro case 500 peregrinos foron atendidos no noso albergue San Roque, emprazado a 700 m. do Campo do Rollo (Corcubión), no lugar de San Roque da parroquia de San Pedro de Redonda. A antiga escola unitaria, provista de 20 prazas, foi ate agora atendida por un total de catro hospitaleiros: Ole, Teresa, Mónica e Agustín. A meirande parte dos acollidos foron estranxeiros, con presenza notable de alemáns, franceses, austríacos e canadianos. Pola súa banda, a AGACS encargouse ate agora de amoblar o edificio: encargamos tres mesas e bancos de madeira de piñeiro nunha carpintería de San Lázaro (Santiago), a cociña (mobs e placa eléctrica), as liteiras procedentes nada menos que de Almería, etc. Desenvolvimos tamén unha campaña de apoio ó albergue a resultas da cal os veciños de Corcubión e a comarca, e tamén os socios e amigos de España e outros países de Europa, doaron diversos mobs e materiais para uso cotián. O concello de Corcubión tamén contribuiu a por en marcha o albergue entregándonos cubre-camas e mantas, materiais para limpa-lo xardín circundante, etc.

Na sala de exposicións permanecen colgadas a mostra fotográfica de Cassandre Stapfer, presentada o día da inauguración oficial do albergue, e tres mostras, tamén de fotografías a gran formato, de Manuel González Vicente (Camiño Portugués, Camiño a Fisterra e Historia da AGACS).

En marcha a Campaña de Nadal para apoio do albergue, na actualidade o máis necesario é dotalo de medidas de seguridade (alarma, extintores, un seguro), mobs para

almacenar (estanterías para libros, botas e materiais, armarios para garda-la comida e os utensilios de cociña), mesas e expositores de folletos, cadeiras para apoio dos peregrinos, etc. Estamos tamén á espera de que a empresa que contratou as obras instale un calefactor, que será de leña, e solvete os problemas detectados de humidades e filtracións de auga polas fiestras orientadas á fachada SO. Entre outros detalles pendentes se contan tamén a necesidade de colocar un pasamáns para que os peregrinos coas mochilas non acaben caendo polas escaleiras cando hai humidade e non deixen as paredes perdidas de pegadas.

En calquera caso, o albergue xa ten alma, está humanizado e decorado con flores, cunchas, cartéis, cadros e outros detalles. E ate agora, e isto é o máis importante, parece asumible a autoxestión dos gastos. A costa da AGACS axiña haberá que desenvolver algunhas obras custosas:

1. O cambio do sistema de quecemento da auga, agora eléctrico, e
2. A creación dun cuarto para os hospitaleiros.

Nos vindeiros números de libredón, e a través do novo apartado incluído na nosa páxina web, circulares e dunha folla informativa específica, seguiremos informando da vida do albergue, dos ingresos e gastos, e das necesidades, agradecendo calquera suxerencia, axuda e doazón por parte dos socios. Para os ingresos en metálico segue aberta a conta solidaria, agora destinada en exclusiva ó albergue, en Caixa Galicia:

2091-0000-35-3002095998

# Albergue San Roque

## Albergue San Roque

### Albergue San Roque



# ULTIMA HORA



Apostol Santiago, por Andrés Herrera

## La Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago premio Elías V aliña

A punto de cerrar este número de Libredón, nos acaban de dar la mejor noticia, nos han otorgado el Premio "Elías Valiña" 2004, el "Nobel" del Camino de Santiago. Su significación es muy especial para todos nosotros, tanto por lo que representa como por haber entre nosotros gente que ha trabajado directamente con Elías, el párroco de O Cebreiro que nos enseñó el Camino. Agradecemos al jurado: Xunta de Galicia, Comité Internacional de Expertos del Camino de Santiago y asociaciones jacobeanas de toda Europa su consideración hacia nuestra Asociación y lo que ha representado más de doce años trabajando "a pie de Camino". En estos momentos renovamos nuestro compromiso hacia un Camino por el que siempre hemos peleado en primera línea, en los años buenos y en los oscuros. Renovamos también nuestra fe en lo que siempre hemos creído que es el Camino de Santiago: espiritualidad, libertad, aventura, búsqueda, compañerismo, abnegación, solidaridad y Camino para andar.

Primero fue la búsqueda, investigación y señalización de los antiguos y olvidados Caminos de peregrinación en Galicia: Vía de la Plata o Camiño Meridional, Camiño Portugués a Santiago (en Galicia y Portugal), Camiño Inglés, Prolongación Jacobea a Fisterra y Muxía. A la par, una defensa a ultranza del Camino en todos los frentes: Monte del Gozo, Samos, Camiño Portugués, Monte Aro en la Prolongación a Fisterra... y también, cientos de conferencias, actos de divulgación, el programa de Noites no Camiño en los albergues, la organización de un Congreso Internacional de Asociaciones Jacobeanas en el Finisterre, las publicaciones, las marchas (reivindicativas o lúdicas), la organización de las jornadas de limpieza de costa para peregrinos con ocasión del desastre del Prestige, la revista, el esfuerzo y la ilusión de la creación en Galicia de un albergue propio, el único en Galicia no subvencionado y gratuito, el albergue de Corcubión. Y es ahora, cuando llegan los reconocimientos, cuando hacemos de nuevo profesión de independencia (sagrada independencia) y de fe en el Camino y de todo lo que representa la peregrinación tradicional.

Nuestro agradecimiento a todos los que, en las maduras, en las duras y en las durísimas, han colaborado con nosotros y creído en nuestro trabajo. Recordamos también a los que ya no están con nosotros, alguno convertido en una humilde placa a pie de Camino en Fontoura, Portugal. Y ofrecemos el Premio Elías Valiña a los auténticos protagonistas del Camino, los peregrinos del Apóstol. Va por todos ellos, ¡Ultra!



*Dende a directiva da AGACS  
queremos desexar a tódolos socios  
e amigos un bo Nadal  
e Feliz Ano 2005*



Catedral de Santiago . 1º Premio do III Concurso Fotográfico. Autor: Cristobal Burgos



XACOBEO  
2004



CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO  
XERENCIA DE PROMOCIÓN DO  
CAMIÑO DE SANTIAGO



Asociación Galega de Amigos  
do Camiño de Santiago